

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO CORRESPONDENTE AO DÍA 30 DE XULLO DE 2021

Ás 10.00 horas do día 30 de xullo de 2021, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. César Manuel Fernández Gil

D. Pablo Pérez Pérez

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. José Ignacio Gómez Pérez

D. Diego Fernández Nogueira

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Deputado non adscrito: D. José Miguel Caride Domínguez

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Mónica Legaspi Díaz

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense: [ver videoacta](#)

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 25 DE XUÑO DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondentes á ordinaria do 25 de xuño de 2021.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno do 25 de xuño de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- ORDENANZA REGULADORA DO ACCESO ELECTRÓNICO AOS SERVIZOS PROVINCIAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E DOS SEUS ENTES DEPENDENTES E ADSCRITOS.

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención José Miguel Caride (non adscrito): Toma a palabra para sinalar que votará a favor desta proposta, xa que se trata dunha adaptación normativa a unha modificación legislativa e sendo o trámite de aprobación inicial, o texto de ordenanza proposto sería susceptible de mellora.

- 1ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Intervén sinalando que votarán igualmente a favor desta proposta, xa que consideran a aprobación desta ordenanza moi necesaria. Aproveita a súa intervención para lembrar que se debe traballar na accesibilidade

da cidadanía aos servizos electrónicos da administración provincial a través da formación e da información.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Sinala que se trata dun documento técnico, redactado polos servizos de Secretaría Xeral e de Administración Electrónica da Deputación e que foi obxecto de tratamento no comité técnico provincial. Engade que a finalidade desta norma é regular os principios e particularidades do procedemento administrativo electrónico nesta Deputación e nos seus entes dependentes e adscritos, así como aquelas ferramentas xurídicas e técnicas que sexan necesarias para facer efectiva a relación con esta Administración por medios electrónicos. As liñas máis destacadas son as seguintes: será de aplicación a todo o sector público provincial (DPO, INORDE, CIS e CAV), recolle no seu artigo 3 o elenco de dereitos da cidadanía nas súas relacións electrónicas coa Deputación, amplía no seu artigo 4, o elenco de suxeitos obrigados a relacionarse electronicamente con esta administración (por exemplo os/as deputados/as provinciais), regula importantes instrumentos como a sede electrónica, o rexistro electrónico ou o taboleiro de edictos electrónico, e garante o uso de calquera dos idiomas oficiais pola cidadanía nas relacións electrónicas, se ben a administración empregará preferentemente o galego, tal e como impón a normativa vixente (Lei de normalización lingüística de Galicia).

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora do acceso electrónico aos servizos provinciais da Deputación Provincial de Ourense e dos seus entes dependentes e adscritos, co seguinte contido:

Artigo 1.- Obxecto.

1. Constitúe o obxecto da presente ordenanza a regulación do uso dos medios electrónicos no ámbito da Deputación Provincial de Ourense e dos seus entes dependentes e adscritos, con suxeición ao previsto na Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, no RD 203/2021 polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, e demais normativa de aplicación.

2. Para ese efecto, esta ordenanza promove a utilización das tecnoloxías da información e as comunicacións na actividade administrativa, nas relacións entre a Deputación e o resto de entidades integrantes do sector público, así como nas relacións coa cidadanía co fin de garantir os seus dereitos de acceso electrónico aos servizos públicos desta Administración.

Artigo 2. Ámbito subxectivo de aplicación.

A presente ordenanza seralles de aplicación:

- a) Aos órganos, áreas e unidades administrativas integrantes da Deputación Provincial de Ourense.
- b) Aos organismos públicos e entidades de dereito público dependentes desta.
- c) Aos consorcios que, de conformidade co previsto no artigo 120 da Lei 40/2015 e cos seus estatutos, estean adscritos á Deputación Provincial de Ourense ou aos seus organismos públicos dependentes.

Artigo 3. Dereitos da cidadanía.

No marco desta ordenanza, recoñécenselles aos cidadáns os dereitos enunciados no artigo 13 da Lei 39/2015, e demais dereitos recoñecidos noutras normas e, en particular, os seguintes:

- a) Dereito a relacionarse coa Deputación Provincial de Ourense e os seus órganos ou entes dependentes e adscritos a través de medios electrónicos.
- b) Dereito a esixir da Deputación Provincial de Ourense que se dirixa a través destes medios e obter documentos a través de formatos electrónicos.
- c) Dereito a gozar de contidos electrónicos de calidade, accesibles, transparentes e comprensibles.
- d) Dereito a acceder á información administrativa, rexistros e arquivos a través de medios electrónicos, todo isto de conformidade coas previsións da Lei 9/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- e) Dereito a dispoñer de formación e soporte na utilización da administración electrónica.
- f) Dereito á confidencialidade e protección dos seus datos persoais e no resto dos dereitos que lle concede a normativa de protección de datos, en especial o dereito a que a información persoal entregada non poida ser destinada a ningunha outra finalidade.
- g) Dereito á privacidade e seguridade das súas comunicacións coa Deputación e das comunicacións que poida facer a Deputación en que consten os datos das persoas.

h) Dereito á conservación en formato electrónico por parte da Deputación dos documentos electrónicos que formen parte dun expediente.

Artigo 4. Suxeitos obrigados a relacionarse por medios electrónicos.

En todo caso, consonte co previsto no artigo 14.2 da LPAC e no artigo 3 do RD 203/2021, terán o deber de relacionarse coa Deputación Provincial de Ourense por medios electrónicos:

a) As persoas xurídicas.

b) As entidades sen personalidade xurídica.

c) Quen exerza unha actividade profesional para a que se requira estar colexiado obrigatoriamente, para os trámites e actuacións que realicen coas administracións públicas no exercicio da devandita actividade profesional. Dentro deste colectivo entenderanse incluídos en todo caso os notarios e rexistradores da propiedade e mercantís.

d) Quen represente a un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración.

e) As persoas empregadas públicas da Deputación de Ourense e dos seus entes dependentes e adscritos, para os trámites e actuacións que realicen con estas administracións, por razón da súa condición de empregado ou empregada pública, na forma en que se determine en cada procedemento.

f) As persoas físicas que participen nos procedementos selectivos de acceso ao emprego público da Deputación de Ourense e dos seus entes dependentes e adscritos, na forma en que se determine nas bases reguladoras do respectivo procedemento.

g) As persoas físicas que ocupen os cargos de deputado ou deputada provincial, así como todas as persoas físicas que sexan membros de órganos de goberno colexiados da Deputación de Ourense e dos seus entes dependentes e adscritos.

h) As persoas físicas que participen en calquera procedemento de contratación pública da Deputación de Ourense e dos seus entes dependentes e adscritos, na forma en que se determine nos pregos de cláusulas administrativas ou na respectiva resolución do órgano de contratación.

i) As persoas físicas que participen nos procedementos de concesión de subvencións convocados pola Deputación de Ourense e os seus entes dependentes e adscritos, na forma en que se determine nas bases reguladoras do respectivo procedemento.

j) As persoas físicas que participen nos procedementos para a concesión de premios educativos, culturais, científicos ou de calquera outra natureza convocados pola Deputación

de Ourense e os seus entes dependentes e adscritos, na forma en que se determine nas bases reguladoras do respectivo procedemento.

Artigo 5. Identificación, autenticación e firma electrónica.

1. Os sistemas de identificación e autenticación serán os establecidos no capítulo II do Título I da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no capítulo II do Título I do RD 203/2021, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. As persoas interesadas poderán identificarse electronicamente ante esta Administración provincial a través de calquera sistema que conte cun rexistro previo como usuario que permita garantir a súa identidade. En particular, serán admitidos, os sistemas seguintes:

a) Sistemas baseados en certificados electrónicos cualificados de firma electrónica expedidos por prestadores incluídos na «Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación».

b) Sistemas baseados en certificados electrónicos cualificados de selo electrónico expedidos por prestadores incluídos na “Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación”.

c) Sistemas de clave concertada e calquera outro sistema que esta Administración provincial considere válido, nos termos e condicións que se establezan, sempre que contén cun rexistro previo como usuario que permita garantir a súa identidade, logo de autorización previa por parte do órgano competente da Administración estatal, se procedese. Neste caso, establécese a obrigatoriedade de que os recursos técnicos necesarios para a recollida, almacenamento, tratamento e xestión dos devanditos sistemas se atopen situados en territorio da Unión Europea e en caso de tratarse de categorías especiais de datos aos que se refire o artigo 9 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, en territorio español.

3. As persoas interesadas poderán asinar a través de calquera medio, de entre os previstos na presente Ordenanza, que permita acreditar a autenticidade da expresión da súa vontade e consentimento, así como a integridade e inalterabilidade do documento.

4. No caso de que as persoas interesadas optasen por relacionarse coa Administración provincial a través de medios electrónicos, consideraranse válidos a efectos de firma:

a) Sistemas de firma electrónica cualificada e avanzada baseados en certificados electrónicos cualificados de firma electrónica expedidos por prestadores incluídos na “Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación”.

b) Sistemas de selo electrónico cualificado e de selo electrónico avanzado baseados en certificados electrónicos cualificados de selo electrónico expedidos por prestador incluído na “Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación”.

c) Calquera outro sistema que a Administración provincial considere válido, nos termos e condicións que se establezan, sempre que contén cun rexistro previo como usuario que permita garantir a súa identidade, logo da autorización previa por parte do órgano competente da Administración estatal, se procedese. Para realizar calquera actuación prevista no procedemento administrativo, os interesados deberán acreditar previamente a súa identidade a través de calquera dos medios de identificación previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

5. A Deputación Provincial de Ourense e os seus entes dependentes e adscritos só lles requirirán aos interesados o uso obrigatorio de firma para:

- a) Formular solicitudes.
- b) Presentar declaracións responsables ou comunicacións.
- c) Interpoñer recursos.
- d) Desistir de accións.
- e) Renunciar a dereitos.

6. A Administración provincial non será responsable da utilización por terceiras persoas dos medios de identificación persoal e firma electrónica da persoa interesada, salvo que concorran os requisitos establecidos no artigo 32 da Lei 40/2015, para a esixencia de responsabilidade patrimonial.

7. Se algunha persoa interesada non dispón dos medios electrónicos necesarios, a súa identificación ou firma electrónica no procedemento administrativo poderá ser validamente realizada por un/ha funcionario/a público/a provincial habilitado/a, mediante o uso do sistema de firma electrónica do que estea dotado para iso. Neste caso, será necesario que a persoa interesada que careza dos medios electrónicos necesarios se identifique ante o/a funcionario/a e preste o seu consentimento expreso para esta actuación, do que deberá quedar constancia para os casos de discrepancia ou litixio.

Artigo 6. Canles de asistencia para o acceso aos servizos electrónicos provinciais.

A Deputación Provincial de Ourense, e os seus organismos dependentes e entes adscritos, prestarán a asistencia necesaria para facilitar o acceso das persoas interesadas aos servizos

electrónicos proporcionados no seu ámbito competencial a través dalgunha ou dalgunhas das seguintes canles:

- a) Presencial, a través das oficinas de asistencia.
- b) Portal da internet e sede electrónica provincial.
- c) Redes sociais provinciais.
- d) Telefónica.
- e) Correo electrónico corporativo.

g) Calquera outra canle que poida establecerse de acordo co previsto no artigo 12 da LPAC.

Artigo 7. Da sede electrónica provincial.

1. Créase a sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense e dos seus entes dependentes e adscritos, como a plataforma a través da cal os cidadáns poderán acceder aos servizos electrónicos que a Deputación pon á súa disposición, estará dispoñible na dirección URL <https://sede.depourense.es>.

2. Corresponderalle á Presidencia da Deputación Provincial establecer ou modificar a sede electrónica e a súa URL, mediante resolución que será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e na propia sede electrónica provincial.

3. A titularidade da sede electrónica corresponderalle á Administración provincial e será sede única para a Deputación, os seus organismos autónomos, así como para as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes. A sede electrónica créase con suxeición aos principios de transparencia, publicidade, responsabilidade, calidade, seguridade, dispoñibilidade, accesibilidade, neutralidade e interoperabilidade. A sede electrónica utilizará, para identificarse e garantir unha comunicación segura, un certificado recoñecido ou cualificado de autenticación de sitio web ou equivalente. A sede electrónica deberá ser accesible aos cidadáns todos os días do ano, durante as vinte e catro horas do día. Só cando concorran razóns xustificadas de mantemento técnico ou operativo poderá interromperse, polo tempo imprescindible, a accesibilidade a esta. A interrupción deberá anunciarse na propia sede coa antelación que, se é o caso, resulte posible. En supostos de interrupción non planificada no funcionamento da sede, e sempre que sexa factible, o usuario visualizará unha mensaxe na que se comunique tal circunstancia.

4. A data e a hora da sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense sincronizarase coa do Real Instituto e Observatorio da Armada conforme establece o artigo 15.2 do Esquema Nacional de Interoperabilidade.

Artigo 8. Contido e características da sede electrónica provincial.

1. A sede electrónica deberá ter o contido que en cada momento estableza a lexislación aplicable.

2. A titularidade da sede electrónica leva consigo a responsabilidade respecto da integridade, veracidade e actualización da información e os servizos aos que poida accederse a través dela.

3. A sede establecerá os medios necesarios para que a cidadanía coñeza se a información ou servizo ao que accede lle corresponde á propia sede ou a un punto de acceso que non ten o carácter de sede ou a un terceiro.

Artigo 9. Canles de acceso á información provincial.

1. As canles de acceso aos servizos dispoñibles na sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense, e dos seus entes dependentes e adscritos, serán:

a) Para o acceso electrónico, mediante internet, a dirección web <https://sede.depourense.es>.

b) Para a atención presencial, as oficinas situadas nas dependencias da corporación. A Deputación Provincial de Ourense fará pública na súa web a relación actualizada das oficinas de atención presencial.

c) Para a atención telefónica, os servizos de información telefónica relacionados na páxina web da Deputación Provincial de Ourense.

2. Para facilitar o acceso e utilización dos servizos postos ao dispor dos cidadáns a través da sede electrónica, a Deputación Provincial de Ourense disporá polo menos dunha oficina de atención e asesoramento ao cidadán nas dependencias do Pazo Provincial.

3. Cando o desenvolvemento tecnolóxico o permita, poderán irse incorporando de forma progresiva novas canles de acceso aos servizos dispoñibles na sede electrónica.

Artigo 10. Do rexistro electrónico xeral.

1. A Deputación Provincial de Ourense, e os seus entes dependentes e adscritos, dispoñen dun Rexistro Electrónico Xeral único, no que se fará o seu correspondente asento de todo documento que sexa presentado ou que se reciba.

2. O Rexistro Electrónico Xeral terá o carácter de rexistro interoperable cos rexistros doutras administracións públicas e órganos do sector público institucional, integrados no Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR) dependente da Administración Xeral do Estado, garantíndose a transmisión telemática dos correspondentes asentos rexistrados, así como dos documentos presentados.

3. O órgano ou unidade responsable da xestión do Rexistro Electrónico Xeral, será o que teña atribuída tal competencia segundo as normas internas de organización.

Artigo 11. Funcionamento do rexistro electrónico xeral.

1. No Rexistro Electrónico Xeral realizarase o correspondente asento de entrada, de acordo cos principios e normas que rexen o seu funcionamento, de todo documento que sexa presentado ou que se reciba en calquera órgano administrativo, entidades ou organismos públicos vinculados ou dependentes da Deputación Provincial de Ourense e que se dirixa a persoas, órganos, unidades ou centros dependentes da Deputación. Tamén se anotará nel a saída dos documentos oficiais dirixidos a outros órganos das administracións públicas, das súas entidades ou organismos vinculadas ou dependentes, ou aos cidadáns. O rexistro funciona como un portal que facilita o acceso aos rexistros electrónicos de cada organismo e indicará a data e hora oficial, que será a mesma que figure na sede electrónica, así como a relación dos días declarados como inhábiles para a entidade local e as súas entidades e organismos públicos vinculados ou dependentes. Neste rexistro poderanse presentar documentos todos os días do ano durante as vinte e catro horas.

2. Os asentos anotaranse respectando a orde temporal de recepción ou saída dos documentos, e indicarán a data e a hora do día en que se produzan. Concluído o trámite de rexistro, os documentos serán cursados sen dilación aos seus destinatarios e ás unidades administrativas correspondentes desde o rexistro en que fosen recibidas

3. O Rexistro Electrónico Xeral da Deputación e das súas entidades e organismos vinculados ou dependentes garantirá a constancia, como mínimo e en cada asento que se practique, de:

- a) Un número ou identificador unívoco do asento.
- b) A natureza do asento.
- c) A data e hora da súa presentación.
- d) A identificación do interesado.
- e) O órgano administrativo remitente, se procede.

f) A persoa ou órgano administrativo ao que se envía, e, se é o caso, a referencia ao contido do documento que se rexistra.

4. De cada asento de entrada, emitirase automaticamente un recibo que en todo caso incluíra:

a) O contido do escrito, comunicación ou solicitude presentada mediante o asento no Rexistro Electrónico Xeral, sendo admisible para estes efectos a reprodución literal dos datos introducidos no formulario de presentación.

b) A data e a hora de presentación que determinará o inicio do cómputo de prazos que haxa de cumprir a entidade.

c) O número ou identificador do asento no Rexistro Electrónico Xeral.

d) A enumeración e a denominación dos documentos que, de ser o caso, acompañen e se acheguen ao documento presentado, seguida da pegada electrónica de cada un deles, que actuará como recibo acreditativo destes coa finalidade de garantir a integridade e o non repudio deles.

5. Os documentos que os interesados lles dirixan aos órganos da Deputación Provincial de Ourense ou ás súas entidades ou organismos vinculados ou dependentes, poderán presentarse:

a) No rexistro electrónico da Deputación así como nos restantes rexistros electrónicos de calquera administración pública.

b) Nas oficinas de Correos, na forma que regulamentariamente se estableza.

c) Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.

d) Nas oficinas de asistencia en materia de rexistros.

e) En calquera outro que establezan as disposicións vixentes.

6. De conformidade co que dispón a lexislación aplicable, os documentos en papel presentados de maneira presencial ante a Deputación Provincial de Ourense deberán ser dixitalizados pola oficina de asistencia en materia de rexistros na que fosen presentados para a súa incorporación ao expediente administrativo electrónico, devolvéndolle os orixinais ao interesado, sen prexuízo daqueles supostos en que a norma determine a custodia pola Administración dos documentos presentados ou resulte obrigatoria a presentación de obxectos ou de documentos nun soporte específico non susceptibles de dixitalización.

7. Non se terán por presentados no rexistro aqueles documentos e información cuxo réxime especial estableza outra forma de presentación.

8. Poderanse rexeitar documentos electrónicos que presenten as seguintes circunstancias: que conteña código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade da seguridade do sistema. No caso de que se detecte código malicioso susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema en documentos xa rexistrados, requiriráselle a súa emenda ao interesado que os achegou, de acordo co previsto nos artigos 39 e 14.3 do RD 203/2021.

Artigo 12. Taboleiro de anuncios e edictos electrónico.

1. O taboleiro de anuncios e edictos electrónico da Deputación Provincial de Ourense servirá como medio de publicación dos anuncios, acordos, resolucións e comunicacións emitidos pola Deputación Provincial de Ourense ou polas súas entidades e organismos públicos vinculados ou dependentes, cuxa publicación veña imposta por unha norma xurídica, resolución administrativa ou resolución xudicial,

2. O taboleiro de anuncios e edictos electrónicos estará integrado na sede electrónica provincial. A publicación ao seu través terá a consideración de oficial e auténtica, substituíndo para todos os efectos á publicación no taboleiro de edictos físico, salvo que unha norma esixa a súa publicación por outros medios.

3. O acceso dos cidadáns ao taboleiro electrónico de edicto da Deputación Provincial de Ourense, a través da sede electrónica provincial, será gratuíto e non precisará de identificación.

Artigo 13. Cómputo de prazos.

1. O rexistro electrónico rexerese, para os efectos de cómputo de prazos vinculantes, tanto para os interesados como para as administracións públicas, pola data e a hora oficial da sede electrónica, que contará coas medidas de seguridade necesarias para garantir a súa integridade. O rexistro electrónico estará ao dispor dos seus usuarios as vinte e catro horas do día, todos os días do ano, excepto as interrupcións que sexan necesarias por razóns técnicas.

2. Para os efectos de cómputo de prazos haberá que estar ao seguinte:

- Cando os prazos se sinalen por horas, enténdese que estas son hábiles. Serán hábiles todas as horas do día que formen parte dun día hábil. Os prazos expresados por horas contaránse de hora en hora e de minuto en minuto desde a hora e minuto en que teña lugar o acto de que se trate e non poderán ter unha duración superior a vinte e catro horas, nese caso expresaranse en días.

- Cando os prazos se sinalen por días, enténdese que estes son hábiles, excluíndose do cómputo os sábados, os domingos e os declarados festivos.

- A entrada de solicitudes, escritos e/ou comunicacións recibidas en días inhábiles entenderanse efectuadas ás 8.00 horas do primeiro día hábil seguinte. Para iso, no asento de entrada inscribíranse como data e hora da presentación aquelas nas que se produciu efectivamente a recepción, constando como data e hora de entrada a hora indicada do primeiro día hábil seguinte.

- A entrada das solicitudes entenderase recibida no prazo establecido se se inicia a transmisión dentro do mesmo día e finalízase con éxito. Para os efectos de cómputo de prazos, será válida e producirá efectos xurídicos a data de entrada que se consigne no recibo expedido pola unidade de rexistro.

- Considéranse días inhábiles, para os efectos do rexistro electrónico da Administración provincial, os sábados, domingos e os establecidos como días festivos no calendario oficial de festas laborais do Estado, da Comunidade Autónoma de Galicia e polos da capitalidade do municipio. Para estes efectos, poderase consultar o calendario publicado na sede electrónica.

- Cando unha incidencia técnica imprevista ou unha actuación planificada necesaria de mantemento técnico imposibilitase o funcionamento ordinario do sistema ou aplicación que corresponda ao rexistro electrónico, a Deputación e as súas entidades e organismos públicos vinculados ou dependentes poderán determinar unha ampliación dos prazos non vencidos, debendo publicar na sede electrónica tanto a incidencia técnica acontecida ou un aviso previo de non dispoñibilidade planificada como, se é o caso, a ampliación concreta do prazo non vencido.

Artigo 14. O expediente administrativo electrónico.

1. O expediente administrativo electrónico é o conxunto ordenado de documentos e actuacións, en formato electrónico, que serven de antecedente e fundamento á resolución administrativa, así como as dilixencias encamiñadas a executala.

2. Os expedientes formaranse mediante a agregación ordenada de cantos documentos, probas, ditames, informes, acordos, notificacións e demais dilixencias deban integralos, así como un índice numerado de todos os documentos que conteña. O índice garantizará a integridade do expediente electrónico e permitirá a súa recuperación sempre que faga falta, sendo admisible que un mesmo documento forme parte de diferentes expedientes electrónicos.

3. Cando en virtude dunha norma sexa preciso remitir o expediente electrónico, farase de acordo co previsto no Esquema Nacional de Interoperabilidade e nas correspondentes Normas Técnicas de Interoperabilidade, e enviarase completo, foliado, autenticado e acompañado dun índice, así mesmo autenticado, dos documentos que conteña.

Artigo 15. Actuacións administrativas automatizadas.

1. Considerarase actuación administrativa automatizada, calquera acto ou actuación realizada integramente a través de medios electrónicos pola Deputación Provincial de Ourense ou os seus entes dependentes ou adscritos, no marco dun procedemento administrativo e na que non interviñese de forma directa un empregado ou empregada pública.

2. Para as actuacións administrativas automatizadas que determine esta administración provincial, establécese, con carácter xeral, como responsables da definición das especificacións, programación, mantemento, supervisión e control de calidade e, se é ou caso, auditoría do sistema de información e do seu código fonte, ao servizo de Administración Electrónica da Área de Transparencia e Goberno Aberto da Deputación Provincial, correspondéndolle ao último a tramitación de impugnación do uso da actuación administrativa automatizada.

3. As resolucións ou acordos polos que se aprobe o uso de actuacións administrativas automatizadas publicaranse no BOP e na sede electrónica provincial para xeral coñecemento.

4. De conformidade co disposto no artigo 13.3 do RD 203/2021 e a disposición adicional oitava do RD 128/2018, polo que se regula o réxime xurídico dos/as funcionarios/as de administración local con habilitación nacional, para os efectos do exercicio en soporte electrónico das funcións reservadas ao persoal regulado no referido RD 128/2018, os postos a eles reservados terán a consideración de órganos.

Artigo 16. Actuación por medio de representante.

1. A cidadanía poderá actuar por medio de representantes nos procedementos e trámites administrativos, de acordo co previsto na lexislación xeral. Nestes supostos, a validez das actuacións realizadas estará suxeita á acreditación da representación.

2. Calquera persoa física con capacidade de obrar pode representar, por vía electrónica, a outras persoas, físicas ou xurídicas, sempre que acredite a citada representación, que deberá facerse de forma expresa para as actuacións que a continuación se relacionan:

- a) Formular solicitudes.
- b) Efectuar declaracións responsables.

- c) Efectuar comunicacións.
- d) Interpoñer recursos administrativos.
- e) Desistir de accións.
- f) Renunciar a dereitos.

Nos restantes casos, presumirase a dita representación, salvo manifestación expresa en contra da persoa interesada.

3. A acreditación da representación poderá efectuarse por calquera dos seguintes medios:

- Documento acreditativo da representación outorgada mediante comparecencia ante notario público (poder notarial).

- Documento acreditativo da representación outorgada mediante comparecencia persoal efectuada ante funcionario habilitado da Deputación Provincial de Ourense (poder apud acta).

- Documento acreditativo da representación outorgada mediante comparecencia electrónica efectuada na sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense (poder apud acta electrónica).

- Certificado electrónico cualificado de representante.

- Documento electrónico acreditativo de que a representación outorgada se atopa inscrita no rexistro electrónico de apoderamentos.

- Documento privado acreditativo da representación, con firma lexitimada notarialmente.

4. Os funcionarios e funcionarias da Deputación Provincial de Ourense con destino nas oficinas de asistencia en materia de rexistro teñen a consideración de funcionarios habilitados por esta administración provincial, para a expedición de poderes apud acta por comparecencia persoal das persoas interesadas.

5. A representación electrónica poderá ser especificamente outorgada, para todos os efectos ou para procedementos concretos, presencialmente ante a propia Administración, mediante a compulsa electrónica da documentación acreditativa da representación, que quedará rexistrada para os efectos da súa certificación. A representación outorgada por vías electrónicas será válida para a tramitación de procedementos administrativos por vías electrónicas e non electrónicas. Cando o procedemento o permita e así se considere conveniente, a Deputación poderá, en calquera momento, pedirlle á persoa apoderada a xustificación do apoderamento e a declaración responsable sobre a súa vixencia.

Artigo 17. Tramitación electrónica dos procedementos.

1. As aplicacións e sistemas de información utilizados para a instrución dos procedementos deberán garantir o control dos tempos e prazos, a identificación dos órganos responsables e a tramitación ordenada dos expedientes, así como facilitar a simplificación e a publicidade dos procedementos.

2. Os órganos administrativos deberán garantir que os dereitos de audiencia ás persoas interesadas e de información pública á cidadanía se poidan exercer través de medios electrónicos, cando corresponda.

3. Calquera actuación da persoa interesada, os documentos públicos e os actos administrativos ditados nun procedemento administrativo electrónico, deberán cumprir os requisitos legalmente establecidos para todos os efectos e serlle trasladados ao interesado ou un terceiro a través de medios electrónicos.

4. Cando se empreguen medios electrónicos para a participación das persoas interesadas na instrución do procedemento, para os efectos do exercicio do seu dereito para presentar alegacións en calquera momento anterior á proposta de resolución, ou na práctica do trámite de audiencia, cando corresponda, empregaranse os medios e notificación previstos na presente ordenanza.

5. Tanto no caso de certificados electrónicos e documentos electrónicos, como no de transmisións de datos, a súa expedición, tratamento e efectos rexeranse polo disposto nesta ordenanza, con estrita suxeición á normativa de protección de datos de carácter persoal, así como ao resto da normativa aplicable ao procedemento administrativo.

6. As persoas interesadas non están obrigadas a achegar documentos que fosen elaborados por calquera outra administración, sendo estes obtidos da administración emisora por medios telemáticos, agás que a persoa interesada se opuxese expresamente, nese caso deberán achegar copia veraz deles.

Artigo 18. Condicións xerais das notificacións electrónicas.

1. As notificacións practícaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o interesado resulte obrigado a recibilas por esta vía, ou así o solicite ou consinta de xeito expreso.

2. Non obstante o anterior, poderanse practicar as notificacións por medios non electrónicos nos seguintes supostos.

a) Cando a notificación se realice con ocasión da comparecencia espontánea do interesado ou o seu representante nas oficinas de asistencia en materia de rexistro e solicite a comunicación ou notificación persoal nese momento.

b) Cando, para asegurar a eficacia da actuación administrativa, resulte necesario practicar a notificación por entrega directa dun empregado ou empregada pública.

3. Con independencia do medio utilizado, as notificacións serán válidas sempre que permitan ter constancia do seu envío ou posta á disposición, da recepción ou acceso polo interesado ou o seu representante, das súas datas e horas, do contido íntegro e da identidade fidedigna do remitente e destinatario dela. A acreditación da notificación efectuada incorporárase ao expediente.

4. Os interesados que non estean obrigados a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento, mediante os modelos normalizados que se establezan para o efecto, que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicarse por medios electrónicos.

O consentimento dos interesados poderá ter carácter xeral para todos os trámites que os relacionen coa Administración provincial ou para un ou varios trámites, segundo se manifeste.

O interesado poderá así mesmo, durante a tramitación do procedemento, modificar a maneira de comunicarse coa Administración provincial, optando por un medio distinto do inicialmente elixido, ben determinando que se realice a notificación a partir dese momento mediante vía electrónica ou revogando o consentimento de notificación electrónica para que se practique a notificación vía postal. Nese caso, deberá comunicarllo ao órgano competente e sinalar un domicilio postal onde practicar as sucesivas notificacións.

Artigo 19. Práctica das notificacións electrónicas.

1. A práctica da notificación electrónica realizarase por comparecencia electrónica. A notificación por comparecencia electrónica consiste no acceso por parte das persoas interesadas debidamente identificadas, ao contido da actuación administrativa correspondente a través da sede electrónica provincial.

2. Para que a comparecencia electrónica produza os efectos de notificación, requirirase que reúna as seguintes condicións:

- Con carácter previo ao acceso ao seu contido, o interesado deberá visualizar un aviso do carácter de notificación da actuación administrativa que terá este acceso.

- O sistema de información correspondente deixará constancia deste acceso con indicación da data e da hora, momento a partir do cal a notificación se entenderá practicada para todos os efectos legais.

3. O sistema de notificación permitirá acreditar a data e a hora en que se produza a posta a disposición do interesado do acto obxecto de notificación, así como a de acceso ao seu contido.

4. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou sexa expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorran dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Cando non sexa posible practicar unha notificación nos termos establecidos neste artigo e na normativa sobre o procedemento administrativo común, a notificación farase mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial do Estado. Para estes efectos, poderanse publicar anuncios individuais ou de comparecencia para ser notificado, en forma agregada.

Artigo 20. Copias electrónicas.

1. As copias realizadas por medios electrónicos emitidos por persoas físicas ou xurídicas interesadas nos expedientes ou pola Administración provincial, manténdose ou non o formato dixital, terán inmediatamente a consideración de copias auténticas, sempre que o documento electrónico orixinal se atope en poder da Administración, que a información de firma electrónica e, se procede, do selo de tempo, permitan comprobar a coincidencia con este documento e que inclúa unha manifestación relativa á comprobación dos elementos de autenticidade e integridade co documento orixinal.

2. As copias electrónicas de documentos en soporte papel ou noutro soporte non electrónico susceptible de dixitalización requirirán que o documento fose dixitalizado e deberán incluír os metadatos que acrediten a súa condición de copia e que se visualicen ao consultar o documento.

3. A Administración provincial poderá obter imaxes electrónicas dos documentos privados achegados polos cidadáns e cidadás, coa súa mesma validez e eficacia, a través de procesos de dixitalización que garantan a súa autenticidade, integridade e a conservación do documento imaxe, do que se deixará constancia. Esta obtención poderá realizarse de forma automatizada, mediante o correspondente selo electrónico.

4. A incorporación de documentos en soporte papel aos trámites e procedementos administrativos que se incorporaron á tramitación por vía electrónica, realizarase mediante a compulsa electrónica daqueles.

5. Os documentos compulsados electronicamente poderán ser válidos tanto no procedemento concreto para o cal se realizou a compulsa, como para calquera outro procedemento tramitado pola Administración provincial.

6. Os documentos electrónicos poderanse trasladar a copias en soporte papel mediante procedementos automatizados. As copias realizadas en soporte papel de documentos públicos administrativos emitidos por medios electrónicos e asinados electronicamente, terán a consideración de copias auténticas sempre que inclúan a impresión dun código xerado electronicamente ou outros sistemas de verificación que permitan contrastar a súa autenticidade mediante o acceso aos arquivos electrónicos da Administración provincial. O acceso ao documento electrónico orixinal poderase realizar a través dunha dirección electrónica facilitada pola Deputación.

7. A competencia para a expedición de copias auténticas dos documentos públicos administrativos correspóndelles ás unidades tramitadoras respecto aos expedientes que xestionen, ao persoal habilitado das oficinas de asistencia en materia de rexistro respecto á documentación que se presente para ser incorporada a un expediente electrónico e ao Arquivo Xeral da Deputación Provincial. As copias auténticas de documentos postos a disposición mediante notificación ou publicación na sede poderanse obter directamente mediante a súa descarga polas persoas interesadas no procedemento. As copias auténticas do resto de documentos solicitaranse nas oficinas de asistencia en materia de rexistro.

Artigo 21. Arquivo electrónico de documentos.

1. Os documentos electrónicos arquivaranse en medios ou soportes electrónicos, podendo empregarse para o seu arquivo o mesmo formato ou soporte no que se orixinou o documento electrónico orixinario ou en calquera outro que garanta, de acordo co previsto no Esquema Nacional de Seguridade, a integridade, a autenticidade, confidencialidade, calidade, protección e conservación dos documentos almacenados e, en particular, a identificación dos usuarios e o control de acceso a estes.

2. Almacenaranse no seu soporte orixinal os documentos en soporte físico que non sexa posible incorporar ao expediente electrónico mediante copia electrónica auténtica, nos termos legalmente previstos.

3. Sen prexuízo do establecido no apartado anterior, a Deputación Provincial deberá dispoñer, en todo caso, dun arquivo electrónico único composto polo conxunto de sistemas e servizos que sustenta a xestión, custodia, e recuperación dos documentos e expedientes electrónicos así como doutras agrupacións documentais ou de información unha vez finalizados os procedementos administrativos ou actuacións correspondentes.

4. A eliminación de documentos electrónicos deberá ser autorizada de acordo co disposto na normativa aplicable.

Artigo 22. Uso das linguas oficiais.

1. A Deputación Provincial e as súas entidades públicas dependentes garantirán, en todo caso, o dereito dos cidadáns que se relacionen de xeito electrónico, ao emprego indistinto de calquera das linguas oficiais no acceso electrónico aos servizos provinciais.

2. Sen prexuízo do anterior, e consonte co previsto na Lei de administración local de Galicia e na Lei de normalización lingüística de Galicia, a administración provincial e os seus entes empregarán preferentemente a lingua galega nas súas relacións electrónicas.

Disposición adicional primeira.

Habílitase á Presidencia para que adopte as medidas organizativas necesarias que permitan o desenvolvemento das previsións da presente Ordenanza e para que poida modificar os aspectos técnicos que sexan convenientes por motivos de normalización, interoperabilidade ou, en xeral, adaptación ao desenvolvemento tecnolóxico.

Disposición adicional segunda.

1. A aprobación de novos procedementos, trámites, solicitudes, escritos e comunicacións susceptibles de tramitación electrónica, así como a elección e implantación das solucións tecnolóxicas para a aplicación dos medios electrónicos e informáticos aos procedementos administrativos, así como os documentos referentes ás características técnicas e á organización das medidas de seguridade que utilice a Deputación Provincial para o desenvolvemento das súas actividades por medios electrónicos, realizarase mediante Resolución de Presidencia que deberá publicarse na sede electrónica.

2. A información e difusión actualizada dos procedementos e trámites administrativos susceptibles de tramitación e comunicación electrónica producirase a través da sede electrónica, sen prexuízo dos medios de publicidade complementarios que resulten preceptivos ou que se estimen convenientes.

Disposición adicional terceira.

A seguridade das sedes e rexistros electrónicos, así como a do acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, rexeranse polo establecido no Esquema Nacional de Seguridade, así como pola política de seguridade aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión de data 21.12.2020 e publicada na sede electrónica provincial.

Disposición adicional cuarta.

A prestación dos servizos e as relacións xurídicas a través de redes de telecomunicación desenvolveranse de conformidade co establecido no Regulamento xeral de protección de datos, na Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e as disposicións específicas que regulan o tratamento automatizado da información, a propiedade intelectual e os servizos da sociedade da información.

Disposición final.

Coa entrada en vigor da presente Ordenanza, que se producirá unha vez aprobada definitivamente polo pleno provincial, publicada no BOP e na sede electrónica, e transcorridos os prazos previstos no artigo 65.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, queda derogada a Ordenanza provincial de acceso electrónico aos servizos provinciais (BOP núm. 296 de data 28.12.2009).

2º.- O presente acordo someterase a información pública durante o prazo de trinta días hábiles, mediante anuncio inserido na sede electrónica da Deputación e no Boletín Oficial da Provincia, para a presentación de reclamacións e suxestións, que, de ser o caso, deberán ser resoltas polo Pleno. No caso de non presentarse reclamacións ou suxestións en prazo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

Unha vez aprobada definitivamente a ordenanza, procederase á publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

3º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PROCEDIMENTOS DE SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO E LABORAL TEMPORAL AO SERVIZO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención José Miguel Caride (non adscrito): Comeza lembrando que na comisión informativa xa amosara algunha dúbida sobre a inclusión do sistema de concurso-oposición para a selección de persoal de carácter interino e laboral temporal, e que isto nunca pode constituír unha porta de entrada traseira para o persoal ao servizo da administración provincial. Agora, vistas as opinións vertidas pola representación unitaria e sindical na mesa xeral de negociación provincial, e á vista da recente entrada en vigor do Real decreto lei para a redución da temporalidade no emprego público, que estende este sistema aos procesos selectivos, entende que as posibles dúbidas quedan resoltas. Engade que a seguinte cuestión a resolver debería ser o peso que a fase de oposición debe ter agora nos referidos procesos selectivos, á vista da nova normativa citada, e sen esquecer que estamos sempre falando de cobertura de postos de carácter temporal.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Indica que o seu grupo se vai abster na votación desta proposta, xa que a nova normativa que recentemente entra en vigor lle suscita varias dúbidas sobre a nota de corte e a ponderación que se lle debe dar nestes procesos selectivos de contratación de persoal de carácter interino ou temporal mediante o sistema de concurso-oposición.

- 1ª intervención Rosario Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando que non vai entrar a valorar se o sistema de selección previsto na ordenanza é áxil ou non, pero entende que si que é legal e se enmarca na potestade de autoorganización desta Deputación Provincial. Outro tema, na súa opinión, é que unhas determinadas categorías profesionais se rexan polo sistema de concurso e outras polo de concurso-oposición mediante proba práctica, se ben entende que o importante aquí é a falla de transparencia deste expediente de modificación da ordenanza, tanto no seu inicio como durante o mesmo. Así, indica que non se lles remiten as convocatorias das mesas xerais de negociación, e que as actas das reunións non figuran no expediente a disposición coa convocatoria da comisión informativa, pedindo que no sucesivo non se repita. Engade que as propias reunións da mesa xeral de negociación deixan constancia da pouca información que se dá por parte do grupo de goberno, e que de aí ven o resultado, no que non se obtén o apoio de ningunha das partes integrantes da mesa xeral de negociación. Remata sinalando que o voto do seu grupo será a abstención.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Comeza sinalando que esta modificación proposta, se fai sobre un texto orixinal do ano 2004 e posteriormente modificado no anos 2014 e 2020. Agora a modificación que se propón pretende reducir o sistema de listas a todas

as categorías profesionais sen requisito de titulación e ás categorías do grupo C2 de auxiliares administrativos e chofer especialista, xa que nestas o sistema está funcionando correctamente. a modificación pretende eliminar o sistema de listas nas restantes categorías por non ser operativo. O sistema de selección así, pasará a ser o de concurso-oposición, cunha proba de carácter práctico, pondo como exemplo a contratación dun posto de traballo de mecánico ou similar. Outra modificación menor é a de suprimir a renovación anual e o seu carácter indefinido, establecéndose unha vixencia de dous anos. Por último indica que lle sorprende que a deputada socialista fale de falla de transparencia nos procesos selectivos e ela sabe ben porqué, e a continuación indica que toda a documentación que piden os membros da mesa, toda, é remitida en tempo e forma.

- 2ª intervención Rosario Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Diríxese ao voceiro do Grupo Popular dicindo que cando a ela no seu concello se lle esixe pola parte sindical calquera convocatoria, ela sempre o axiliza ao máximo ata solucionar os temas, indicando que o proceso selectivo do seu concello ao que se refire o voceiro popular foi legal, e simplemente tiña unha irregularidade non invalidante. Reitera que vistas as actas e audios das mesas de negociación da Deputación, queda claro que non se contestan a moitas das preguntas da outra parte, e falta fluidez no diálogo social, e que esta falta de transparencia é igualmente aplicable ás reunións da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Contesta que máis comisións de control e mesas de negociación que se convocan nesta administración provincial é moi difícil, e que a rapidez das respostas, nalgúns casos, é relativa debido ao volume de RRHH desta Deputación Provincial, indicando que a voceira socialista o único que pretende é enredar.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (1), e dos deputados non adscritos (2) e a abstención do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora dos procedementos de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal ao servizo da Deputación Provincial de Ourense, co seguinte contido:

A) Darlle unha nova redacción ao parágrafo 1 do artigo 4 coa seguinte redacción:

“O procedemento de selección mediante concurso-oposición será de aplicación para a selección de persoal laboral temporal ou funcionario interino das categorías profesionais correspondentes aos subgrupos de titulación A1, A2, B, C1 e todas as categorías profesionais do subgrupo C2 excepto nas categorías de Auxiliar de Administración Xeral e Chofer Especialista”.

B) Darlle unha nova redacción ao apartado 4, letra a) do artigo 4 coa seguinte redacción:

“O procedemento de selección será o concurso-oposición. Para a avaliación de cada proceso selectivo designarase por resolución de Presidencia e conforme co previsto no artigo 8, un tribunal específico de selección, sen prexuízo das atribucións da Comisión de Control e Seguimento”.

C) Darlle unha nova redacción ao apartado 1 do artigo 5 coa seguinte redacción:

“O procedemento de concurso para a formación de listas previas será de aplicación para a selección de persoal laboral temporal ou funcionario interino das categorías profesionais de Auxiliar de Administración Xeral e Chofer Especialista correspondentes ao subgrupo C2, e as categorías profesionais das Agrupacións Profesionais sen requisito de titulación da Deputación Provincial e dos seus organismos ou entidades de dereito público dependentes”.

D) Dar unha nova redacción ao apartado 5 do artigo 5 coa seguinte redacción:

“Existirá unha lista previa para as categorías profesionais de Auxiliar de Administración Xeral, e Chofer Especialista correspondentes ao subgrupo C2 e das Agrupacións Profesionais sen requisito de titulación, respectivamente. Cada lista, á súa vez, dividirase en dúas seccións, identificadas polas letras A) e B). Na sección A) incluíranse os aspirantes que posúan como mérito avaliable os servizos previos prestados por tempo superior a seis meses na categoría correspondente na Deputación Provincial ou noutras administracións públicas ou no sector privado. Na sección B) incluíranse os aspirantes que non posúan os ditos méritos. As dúas seccións utilizaranse alternativamente para realizar as contratacións ou nomeamentos, verificándose os chamamentos de xeito que por cada dous contratos ou nomeamentos que se realicen, o primeiro corresponderá á sección A), e o seguinte á sección B), e así sucesivamente. Ningún aspirante poderá acceder de xeito simultáneo ás dúas seccións da lista, e serán incluídos de oficio pola comisión na sección que corresponda, de conformidade co que resulte da certificación de vida laboral que obrigatoriamente deberán presentar os aspirantes.

Os integrantes da sección B) pasarán a ser incluídos de oficio na sección A) en cada renovación da lista, cando conste que adquiriron como mérito avaliable ou de servizos prestados por tempo superior a seis meses na categoría correspondente na Deputación Provincial ou noutras administracións públicas ou no sector privado”.

E) Darlle unha nova redacción ao apartado 9 do artigo 5 coa seguinte redacción:

“A lista previa de contratación terá un prazo de vixencia de dous anos contado dende a publicación da súa aprobación no BOP, debendo cubrirse obrigatoriamente as necesidades de persoal temporal da Deputación Provincial para os postos de traballo aos que se refira a lista mediante a contratación ou nomeamento directo das persoas incluídas, seguindo a súa orde de colocación na lista. A medida que se vaian extinguindo os contratos realizados, as persoas contratadas pasarán a ocupar de novo o posto que consonte coa puntuación obtida lles corresponda na lista, podendo volver ser contratadas se xurdise a necesidade. Sen prexuízo do anterior, os integrantes das listas que, en virtude dos contratos realizados ao abeiro deste sistema, adquiran o dereito á prestación por desemprego, pasarán a ocupar o último lugar da lista”.

F) Supresión do apartado 10 do artigo 5 e nova numeración dos seguintes apartados, quedando o artigo 5 con doce apartados.

G) Engadir unha Disposición Transitoria terceira coa seguinte redacción:

“As listas previas das categorías profesionais do subgrupo C2, excepto as de auxiliares de administración xeral e as de choferes especialistas actualmente en vigor seguirán estando vixentes ata que se confeccionen e se aproben con carácter definitivo as novas listas a través do sistema de concurso-oposición”.

2º.- O presente acordo someterase a información pública durante o prazo de trinta días hábiles, mediante anuncio inserido na sede electrónica da Deputación e no Boletín Oficial da Provincia, para a presentación de reclamacións e suxestións, que, de ser o caso, deberán ser resoltas polo Pleno. No caso de non presentarse reclamacións ou suxestións en prazo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

Unha vez aprobada definitivamente a modificación da ordenanza, procederase á publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

4º.- MODIFICACIÓNS NA VIXENTE RELACIÓ N DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DA DEPUTACIÓ N PROVINCIAL DE OURENSE, MEDIANTE CORRECCIÓ N DE ERROS.

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Comeza a súa intervención indicando que o seu grupo non está aquí para dicir que todo está mal, como indicou o voceiro popular, e pide que se comprobe como o Grupo Socialista case nunca vai votar en contra, e máis en asuntos que son meramente administrativas, pero outra cousa diferente é que cando as cousas se fan mal, hai que dicilo e denunciálo, como fai o Grupo Socialista. Sobre este asunto, lembra que o seu grupo xa preguntou por esta cuestión en data 14 de abril, e que se pode acreditar, e preguntaron porque é ben curioso que para o que se quere corrixir agora fora á mesa xeral de negociación como dación de conta, e os propios sindicatos quedaron abraídos, porque isto nin é dación de conta nin corrección de erros, senón un cambio de criterio, que pode ser acertado, pero é un cambio de criterio que se tramitou de forma “chapucera”, xa que se cubriu interinamente mediante unha comisión de servizos, e curiosamente a persoa que o ocupa non ten esa titulación. Engade que o acordo debe figurar como o que é, unha modificación e un cambio de criterio, e se iso ocorre, van votar a favor, pero senón terán que votar en contra.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Comeza apuntando que a aprobación definitiva da RPT da Deputación Provincial foi publicada no BOP de data 22.12 2018, e nese momento o grupo provincial parece que non estivo acertado, porque tiña que terse matizado esta cuestión, e o grupo socialista nesa ocasión tampouco achegou nada ao respecto. A continuación sinala que se pretende mellorar o gabinete de asesoría xurídica e asistencia a municipios e que se detectaron certos erros que se queren emendar no relativo aos requisitos de acceso aos postos que estamos a falar, por ser propios dunha concreta profesión “grao en Dereito ou equivalente” e o apartado relativo á súa provisión para homoxeneizalo cos restantes “funcionarios do Estado, CCAA ou entidades locais”, e todo isto de acordo coas determinacións da propia RPT, e remata dicindo que o procedemento que se segue é o que recomendaron os técnicos do servizo de RRHH e da Secretaría Xeral.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Intervén para sinalar que lle costa moito entender que o partido socialista se queixe de que podería entrar un cirurxián na asesoría xurídica mentres a ministra de Facenda do noso país é cirurxiá ou o ministro de cultura e deporte é licenciado en ciencias químicas, concluíndo que esta situación si que é vergoñenta.
- 2ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Comeza esta quenda de intervención indicando que o principio e a esencia da democracia é que calquera persoa poida chegar a ser por exemplo presidente dun goberno, pero que outra cousa é que un técnico deba coñecer a materia e a organización e os cargos políticos non teñen que estar en mans de persoas técnicas ou especializadas, e que hai xente que aínda non entende os principios e a esencia da democracia e só di bobadas. Seguidamente sinala que o Grupo Socialista non forma parte das mesas xerais de negociación e que a responsabilidade é do grupo do goberno, como non pode ser doutro xeito. Remata indicando que eles como oposición si fixeron o seu traballo, preguntando, examinando o expediente e que moi pronto se decataron desta cuestión, que é un cambio de criterio pero non unha corrección de erros.
- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Comeza preguntando porqué o grupo socialista está tan atento agora a este procedemento, pero estivo tan despistado, ao igual que o grupo de goberno, no ano 2018. Sobre a pregunta formulada polo Grupo Socialista no mes de abril, indica que só dirá unha cousa “entre liñas”, indicando que ambos saben o transfondo que ten esta cuestión.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (1), do BNG (1) e dos deputados non adscritos (2) e o voto en contra do Grupo Socialista (9), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente as modificacións na vixente Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Ourense, mediante a corrección de erros, dos seguintes requisitos para o desempeño dos postos de Asesoría Xurídica que se detallan:

ÁREA DE ADMINISTRACIÓN XERAL

Gabinete de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios.

1 xefe/a do Gabinete de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios

Engádesse o seguinte ao posto de traballo: Titulación requirida: grao en Dereito ou equivalente.

Funcionario. Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Técnico Superior. Grupo A1. Nivel C.D. 29. Posto singularizado. Forma provisión: concurso específico.

Observacións: posto susceptible de provisión mediante funcionarios de carreira da Administración do Estado, das Comunidades Autónomas, doutras entidades locais ou dos entes públicos vinculados ou dependentes, conforme co previsto na determinación xeral 3, apartado 5, da presente Relación de Postos de Traballo.

1 subdirector/a Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios

Engádesse o seguinte ao posto de traballo: Titulación requirida: grao en Dereito ou equivalente.

Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica. Grupo A1. Nivel C.D. 29. Posto singularizado. Forma provisión: concurso específico.

Engádesse no apartado Observacións: Posto susceptible de provisión mediante funcionarios de carreira da Administración do Estado, das Comunidades Autónomas, doutras entidades locais ou dos entes públicos vinculados ou dependentes, conforme co previsto na determinación xeral 3, apartado 5, da presente Relación de Postos de Traballo.

2 asesor/a xurídico/a

Engádesse o seguinte ao posto de traballo: Titulación requirida: grao en Dereito ou equivalente.

Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica. Grupo A1. Posto singularizado. Forma provisión: concurso específico. Nivel C.D. 28. Observacións: Posto susceptible de provisión mediante funcionarios de carreira da Administración do Estado, das Comunidades Autónomas, doutras entidades locais ou dos entes públicos vinculados ou dependentes, conforme co previsto na determinación xeral 3, apartado 5, da presente Relación de Postos de Traballo.

2º) De conformidade co disposto no artigo 202 da Lei 2/20215, de emprego público de Galicia, o presente acordo someterase a información pública por prazo de vinte días hábiles, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, durante o que os interesados poderán formular reclamacións, que serán expresamente resoltas polo Pleno. En caso de non formularse reclamacións, entenderase, de forma automática, definitivamente

adoptado o acordo ata entón inicial, procedéndose á súa publicación no BOP para a súa entrada en vigor.

5º.- EXPEDIENTE N.º 7/2021 DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DOS ORZAMENTOS DA DEPUTACIÓN E DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS ENTRE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO.

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Toma a palabra para comezar sinalando que xa a corporación coñece a postura do grupo do BNG respecto das subvencións que se tramitan como nominativas, indicando que seguramente os orzamentos para o exercicio de 2022 se traten xa na vindeira sesión do mes de setembro, polo que entende que é un bo momento para cambiar e mudar o sistema actual, e que se contemplen partidas orzamentarias para dotar un plan único que se reparta entre as entidades locais conforme a criterios obxectivos, que ben poderían ser os do fondo de cooperación da Xunta de Galicia. Seguidamente sinala que estes días se realizaron unhas xornadas sobre o Camiño de Santiago, e onde unha das peticións dos concellos, independentemente da súa cor política, é a de reclamar axudas para conservación do seu patrimonio histórico-artístico, e instar á igrexa e aos propietarios particulares a ter eses lugares sempre abertos e dispoñibles para o acceso da veciñanza en xeral, condicionando a obtención das axudas, a esta medida. En canto ás axudas que contempla esta modificación orzamentaria, sinala que lles chama o cambio de finalidade consistente nun servizo de conciliación familiar ao peche dunha área termal, no concello de Punxín. Engade que estas cuestións se arranxarían mellor coa existencia do repetido plan único. Por último manifesta que a nominativa destinada ao concello de Xunqueira de Ambía par a rehabilitación da antiga Casa Cuartel, prevista inicialmente, foi substituída a instancia do propio concello dúas semanas despois ao “decatarse que a obra estaba feita”, incidindo en que canto menos este cambio resulta chocante. Remata insistindo en que na elaboración dos orzamentos do ano 2022 se teñan en conta as peticións do seu grupo do BNG e se traballe de cara a un plan único de cooperación cos concellos da provincia.

- 1ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando que moitos dos seus argumentos xa foron expostos polo voceiro do grupo do BNG. Insiste no cambio de

finalidade da subvención do concello de Xunqueira de Ambía, pedindo, como fixeron xa na comisión informativa, que se aclare cal é a finalidade última desta subvención, e se efectivamente é a de pagar unhas obras xa executadas no ano 2019.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Comeza a súa intervención lembrando o carácter meramente cualitativo das modificacións no referente ás subvencións nominativas, con cambios de finalidade e correccións de erros en partidas orzamentarias. Sobre o cambio de finalidade do concello de Xunqueira de Ambía entende que houbo un erro de interpretación, e que en todo caso se lles facilitará a información que soliciten todos os grupos provinciais. Remata dirixíndose ao deputado socialista Ignacio Gómez para aclararlle que todos os empregados públicos da Deputación xa percibiron coa nómina de xullo o incremento previsto na Lei de orzamentos xerais do estado para este exercicio de 2021.

- 2ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Intervén para lembrar a nota de prensa do Grupo Popular o día que el pediu que se lle aboase a subida aos empregados públicos da Deputación, e na que se acusaba de querer subirse el mesmo o soldo, cando o que ocorre e queda acreditado que el non ten ese incremento e non ten dereito a el. Insiste en que se cobraron os empregados da Deputación é porque o Grupo Socialista, unha vez máis, fixo o seu traballo, xa que o grupo de goberno dixera textualmente que “a ver se o cobraban”.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Matiza que en ningún momento el dixo esa frase de “a ver se o cobraban”, xa que na negociación do capítulo I do orzamento xa figuraba, dentro do fondo de continxencias, o importe para financiar o dito incremento salarial do persoal provincial. O que si dixo é que cando os servizos de intervención tiveran o seu traballo feito, se cobraría con efecto retroactivo, como parece que así se fixo.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (1) e dos deputados non adscritos (2) e a abstención do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación n.º 7/2021 das bases de execución do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense, nas seguintes variacións que non afectan cuantitativamente ao orzamento xeral do exercicio 2021:

a) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación Provincial. A Concellos subvencións” na MC 3/2021 aparecía unha subvención nominativa ao Concello de Carballeda de Valdeorras para a instalación de vidreiras na igrexa parroquial de Sobrado por importe de 10.127,70 €.

Na MC 5/2021 procedeuse ao **cambio de beneficiario** da subvención, pero por un erro non se modificou a aplicación orzamentaria, sendo a correcta **336.11/789.04 “Bispado de Astorga. Patrimonio histórico Artístico. Outras transferencias”** .

Como é unha transferencia de créditos entre distintas áreas de gasto e conforme co establecido no artigo 179.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, é competencia do Pleno a aprobación deste cambio.

336.11/789.04 “Bispado de Astorga. Patrimonio histórico Artístico. Outras transferencias” .

Beneficiario	Finalidade	Importe
Diocese de Astorga	Instalación e colocación de vidreiras na igrexa parroquial de Sobrado	10.127,70 €

b) Con cargo á aplicación orzamentaria **313.31/627.02** “Termalismo. Plan Ourense provincia termal” nos orzamentos xerais da Deputación Provincial para o exercicio 2021 existía crédito para o proxecto do Concello de Cortegada cuxa finalidade é a construción dun muro de protección do edificio do balneario histórico de Cortegada, encomendándolle na MC 3/2021 a instrución do expediente á Sección de Contratación da Deputación Provincial de Ourense.

O alcalde do dito Concello, na solicitude presentada o 18 de xuño de 2021, comunica que a obra está cofinanciada, na que o concello se compromete a achegar con cargo ao seu orzamento a diferenza entre a realización total da obra (48.398,62, IVE incluído) e a achega da Deputación (48.000,00 €), por tanto, 398,62 euros.

Polo exposto, solicita que o expediente se lle encomende á Sección de Subvencións en lugar de Contratación por tratarse dunha obra cofinanciada.

Procédese neste acto, ao cambio de aplicación orzamentaria. Como é unha transferencia de créditos entre distintas áreas de gasto e conforme co establecido no artigo 179.2 do Real

decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, é competencia do Pleno a aprobación deste cambio.

450.12/762.01 “Cooperación Provincial. A Concellos. Subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Cortegada	Construción dun muro de protección do edificio do balneario histórico de Cortegada	48.000,00 €

c) Mediante providencia de data 10 de maio de 2021, acórdase incoar expediente para a concesión ao Concello de Punxín dunha subvención nominativa para o servizo de conciliación familiar – aula de espera, por importe de 7.110,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/462.00 “Cooperación Provincial. A Concellos”.

O alcalde do Concello de Punxín, o 1 de xullo de 2021 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, solicita o **cambio de finalidade** da dita subvención para a realización dunha obra, “peche da área termal do Bañiño”, e, polo tanto, procédese neste mesmo acto ao cambio de aplicación orzamentaria ao cambiar de capítulo de gasto, quedando así da seguinte maneira:

450.12/762.01 “Cooperación Provincial. A Concellos subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Punxín	Peche da área termal do Bañiño	7.110,00 €

d) Mediante providencia de data 7 de maio de 2021, acórdase incoar expediente para a concesión ao Concello de Xunqueira de Ambía dunha subvención nominativa para rehabilitación da antiga casa cuartel, por importe de 150.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación Provincial. A Concellos. Subvencións”.

O alcalde do Concello de Xunqueira de Ambia, o 26 de maio de 2021 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, solicita o **cambio de finalidade** da dita subvención engadindo o exercicio 2019, xa que a obra xa foi executada nese exercicio, polo tanto, queda da seguinte maneira:

450.12/762.01 “Cooperación Provincial. A Concellos subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
--------------	------------	---------

Concello de Xunqueira de Ambia	Rehabilitación da antiga casa cuartel exercicio 2019	150.000,00 €
--------------------------------	--	--------------

e) Mediante providencia de data 26 de abril de 2021, acórdase incoar expediente para a concesión a Sarabela Teatro dunha subvención nominativa para “ Semente de Nós”, por importe de 60.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/489.00 “Actividades culturais e recreativas. Outras transferencias”.

Dona Isabel Gago Menéndez, en representación de Sarabela Teatro, CIF B 32.117.483, solicita que como vai ser unha actividade realizada en conxunto pola empresa Sarabela Teatro, SL e pola empresa Ollo Vivo, SL, que a cantidade asinada sexa dividida entre as dúas empresas participantes.

Os beneficiarios da subvención son empresas privadas, polo que se procede neste acto ao **cambio de aplicación orzamentaria, pasando do artigo 48 ao 49**, quedando do seguinte xeito a subvención concedida:

334.20/479.00 “Actividades culturais e recreativas. Outras subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Sarabela Teatro, S.L.	Semente de Nós	38.825,00 €
Ollo Vivo, S.L.		21.175,00 €

f) Mediante providencia de Presidencia de data 7 de maio de 2021, acordouse incoar expediente para a concesión dunha subvención nominativa ao concello de Pereiro de Aguiar para rehabilitación o proxecto cultural Ben-Cho-Sey, por importe de 60.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/ 462.00 “Cooperación Provincial. A Concellos”.

O alcalde do Concello de Pereiro de Aguiar, o 7 de xullo de 2021 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, solicita o **cambio de finalidade** da subvención polo que é necesario realizar unha transferencia de créditos dentro da mesma área de gastos, do capítulo 4 **ao capítulo 7** de gastos do orzamento sen que isto afecte cuantitativamente ao orzamento.

450.12/762.01 “Cooperación Provincial. A Concellos subvencions”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Pereiro de Aguiar	Proxecto cultural Ben-Cho-Sey: Adquisición de vivenda orixinaria en Caspiñón-Pereiro	60.000,00 €

2º.- Neste mesmo acto, incóase expediente de transferencia de créditos entre distintas áreas de gasto de conformidade cos artigos 179 e 180 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, 40 a 42 do RD 500/90, de 20 de abril, e a base 23ª das de execución do orzamento para o exercicio 2021.

2.1. - A transferencia de crédito é aquela modificación do orzamento de gastos mediante a que, sen alterar a contía total deste, se imputa o importe total ou parcial dun crédito a outras aplicacións orzamentarias con diferente vinculación xurídica.

2.2. - O suposto que nos ocupa supón unha serie de transferencias de crédito entre aplicacións orzamentarias de **distintas áreas** de gasto:

Aplicación que cede crédito		Aplicacións que reciben crédito	
Aplicación	Importe	Aplicación	Importe
450.12/762.01 “Cooperación Provincial. A Concellos Subvencions”	10.127,70 €	336.11/789.04 “Bispado de Astorga. Outras transferencias. Patrimonio histórico artístico”	10.127,70 €
Aplicación que cede crédito		Aplicacións que reciben crédito	
Aplicación	Importe	Aplicación	Importe

313.31/627.02 “Termalismo. Plan Ourense provincia Termal”	48.000,00 €	450.12/762.01 “Cooperación Provincial. A Concellos Subvencións”	48.000,00 €
---	-------------	---	-------------

2.3.- As aplicacións orzamentarias afectadas atópanse nos supostos aos que se refiren os artigos 180 do TRLRFL, de 5 de marzo e 41 do RD 500/90, de 20 de abril:

- “Non afectarán aos créditos ampliáveis nin aos extraordinarios concedidos durante o exercicio.
- Non poderán minorarse os créditos que fosen incrementados con suplementos ou transferencias, salvo cando afecten a créditos de persoal, nin os créditos incorporados como consecuencia de remanentes non comprometidos procedentes de orzamentos pechados.
- Non incrementarán créditos que, como consecuencia doutras transferencias, fosen obxecto de minoración, salvo que afecten a créditos de persoal.

As anteriores limitacións non afectarán ás transferencias de crédito que se refiren a programas de imprevistos e funcións non clasificadas nin serán de aplicación cando se trate de transferencias motivadas por reorganizacións administrativas aprobadas polo Pleno”.

As transferencias que se propoñen afectan a aplicacións do orzamento de gastos pertencentes a distintas áreas de gasto, polo que conforme coa citada base de execución número 23 e co artigo 179 do TRLRHL correspóndelle a súa aprobación ao Pleno da Corporación.

3º.- De acordo cos artigos 169, 170 e 171 da Lei reguladora das facendas locais, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

6º.- CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E OS CONCELLOS DA PROVINCIA PARA A PRESTACIÓN, POR PARTE DE DEPUTACIÓN PROVINCIAL, EN RÉXIME DE COMPETENCIA

DELEGADA E CON CARÁCTER INTERMUNICIPAL, DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE ACEITE DE ORIXE DOMÉSTICA.

O Sr. secretario dá conta do ditame da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Intervén para sinalar que o aceite de fritir é unha importante fonte de contaminación, especialmente do medio acuático, e que consideran esta proposta un paso adiante na loita contra a contaminación e na conservación do noso medio ambiente, se ben aínda queda moito camiño por percorrer, tanto polas administracións públicas como pola cidadanía. Por último pídelles ao deputado de cooperación que se avance no eido da compostaxe doméstica, onde aínda queda moito por avanzar.

- 1ª intervención Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que tanto para os concellos nos que a DPO recolle os RSU como para os que non, este convenio se amosa como unha boa ferramenta, a través da figura da delegación da competencia na Deputación. Remata indicando que o seu grupo vai apoiar esta iniciativa do grupo de goberno provincial. Por último aproveita a súa intervención para emendar un erro cometido no pleno do concello de Xinzo de Limia, cando afirmou que ese concello non tiña axuda ningunha das diferentes AAPP para gastos Covid, recoñecendo que a Base novena do Plan de cooperación cos concellos da DPO permitía excepcionalmente que os concellos dedicasen ese financiamento a gastos Covid, cousa que fixeron vinte e seis concellos da provincia.

- 1ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Intervén para sinalar que este convenio se pon a disposición dos concellos da provincia, tanto se teñen delegada a recollida do lixo como se non a teñen, que o seguinte paso será licitar o custo do servizo de recollida de aceite doméstico pola Deputación, reiterando que este vai ser custo ningún para os concellos e que os concellos actualmente adheridos, senón hai manifestación expresa en sentido contrario, se entenderán automaticamente adheridos ao convenio.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para a prestación, por parte de Deputación Provincial, en réxime de

competencia delegada e con carácter intermunicipal, do servizo de recollida de aceite de orixe doméstica, coas seguintes cláusulas:

Primeira.- Obxecto

Constitúe o obxecto do presente convenio a regulación das condicións para a prestación, por parte da Deputación Provincial de Ourense, en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal, do servizo de recollida de aceite de orixe doméstico, establecendo o réxime xurídico desta fórmula de cooperación.

Segunda.- Delegación de competencias relativas ao servizo de recollida de aceite de orixe doméstico. Ámbito funcional, material e territorial.

1. En virtude do presente convenio, os concellos que se adhiran delegarán na Deputación Provincial o exercicio das competencias de ordenación, xestión e prestación do servizo de recollida de aceite de orixe doméstico.
2. A delegación de competencias establecida neste convenio comprenderá o exercicio das seguintes funcións:
 - a) A ordenación do servizo, incluíndo o establecemento ou modificación das súas condicións de prestación e a elaboración e aprobación, de ser o caso, da correspondente ordenanza reguladora.
 - b) A xestión do servizo de forma directa coa colaboración de unha empresa especializada mediante un contrato de servizo.
 - c) A instalación de colectores aptos para o depósito directo de botellas e envases de ata dous litros de aceite usado de orixe doméstica ou asimilado na vía pública no lugar previamente concertado con cada concello:
 - a. Un colector en tódolos concellos adheridos
 - b. Outro colector máis por cada cincocentos habitantes para os concellos de máis de cincocentos habitantes

A estes efectos considerarase como aceite usado de orixe doméstica os así definidos nos artigos 3.a) da Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados define como residuo doméstico ou industrial e o artigo 6.q) da Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia como residuo alimentario. Este tipo de residuos son de recollida obrigatoria para os entes locais de acordo co artigo 3.5 da Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.

- d) A planificación do servizo, establecendo, para tal efecto, a recollida e transporte do contido dos colectores así como a súa limpeza, conservación e mantemento integral e o seu destino para a elaboración de biocombustible homologado ou outros produtos mediante a entrega a un valorizador autorizado.
- e) A realización de campañas de información entre a poboación, a resolución de reclamacións e, en xeral, a adopción de cantos actos e disposicións cumpran para garantir a prestación normal, regular e continuada do servizo.
- f) A contratación de prestacións accesorias ao servizo, así como a contratación de obras, subministracións, asistencia técnicas ou servizos necesarios para a súa xestión.
- g) A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos ditados en exercicio das competencias delegadas.

A Deputación Provincial terá a condición de posuidor dos residuos recollidos nos colectores nos termos previstos na vixente lexislación de residuos sólidos urbanos, e subscribirá os oportunos contratos de servizo así como os convenios que procedan coas entidades ou empresas valorizadoras coas que sexa procedente para a entrega do residuo. Igualmente, poderá solicitar e percibir as subvencións destinadas a este tipo de recollida que conceda a Xunta de Galicia ou calquera outra entidade pública ou privada.

3. O servizo intermunicipal terá como ámbito territorial ós dos municipios adheridos a este convenio ademais dos termos municipais de Arnoia, Baños de Molgas, Beade, Castelo do Val, Cortegada, Cualedro, Esgos, Laza, Maside, Melón, A Mezquita, Monterrei, Oimbra, Piñor e Xunqueira de Espadañedo, agás manifestación expresa en contrario por parte dos órganos de goberno destes municipios.

Poderán adherirse todos aqueles concellos da provincia de Ourense de menos de vinte mil habitantes que non estean incorporados ao Convenio Marco de Cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para a xestión, en réxime de competencia delegada e de xeito intermunicipal da recollida de residuos sólidos urbanos e desexen delegar na Deputación Provincial, unicamente, o servizo de recollida de aceites de orixe doméstico e non a xestión integral de residuos municipais.

Terceira.- Procedemento de adhesión ao convenio.

Para adhesión ao convenio, as entidades locais interesadas remitiranlle á Deputación

Provincial de Ourense o acto administrativo de adhesión, adoptado polo órgano en cada caso competente de acordo co modelo establecido no Anexo deste convenio. A adhesión ao convenio será eficaz:

- a) Se a entrada do documento de adhesión no rexistro xeral da Deputación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, o primeiro día hábil do mes seguinte.
- b) Se a entrada do documento de adhesión no rexistro xeral da Deputación se realiza entre os días 16 e o último de cada mes, o 15 día hábil do mes seguinte.

Cuarta.- Mecanismos de control do exercicio da delegación para a prestación do servizo de recollida de aceites de orixe doméstico.

1. A delegación do exercicio das competencias relativas ao servizo de recollida de aceites de orixe doméstico non suporá cesión da titularidade da competencia, que en todo momento seguirá a ser do concello. Para tal efecto, establécense os mecanismos de control recollidos na presente cláusula, co obxectivo de garantir unha participación cualificada do concello delegante na toma das decisións fundamentais relativas ao servizo, así como un axeitado control e seguimento do uso da delegación por parte da Deputación Provincial.

O exercicio das competencias delegadas por parte da Deputación Provincial requirirá informe favorable da Comisión de Seguimento con acordo da maioría absoluta dos concellos, acordada polo órgano municipal competente por razón da materia, nos casos de aprobación da ordenanza reguladora do servizo ou das súas modificacións.

No suposto de que a proposta da Deputación Provincial de Ourense non obtivese a aprobación, a Comisión de Seguimento estudará unha proposta alternativa ou a ratificación da proposta inicial, no prazo máximo dun mes. No caso de que se rexeite esta nova proposta procederase a extinción automática do convenio para ese concello que será acordada pola Presidencia de Deputación.

2. O exercicio das competencias delegadas poderá realizarse directamente polos órganos competentes da Deputación Provincial, sen prexuízo da dación de conta dos ditos actos á comisión de seguimento, vixilancia e control.
3. A Comisión de Seguimento, vixilancia e control, por unanimidade, poderá establecer directrices para o mellor funcionamento do servizo, que serán de obrigado cumprimento para a Deputación Provincial.

4. O concello poderá obter ou solicitarlle, en calquera momento, información á Deputación Provincial sobre o exercicio das competencias delegadas, mediante escrito dirixido á Presidencia. A información deberá remitirse no prazo máximo de quince días hábiles dende que a solicitude tivese entrada no rexistro de entrada de documentos da Deputación Provincial.

Sen prexuízo deste dereito, a Deputación Provincial manterá informada, de xeito periódico, á comisión de seguimento vixilancia e control sobre a marcha do servizo.

Quinta.- Réxime económico do servizo delegado.

1. Para os efectos do establecido na presente cláusula, consideraranse custes do servizo tódolos custes directos ou indirectos, incluídos os de carácter financeiro a amortización do inmovilizado e, se é o caso, os necesarios para garanti-lo mantemento e o desenvolvemento razoable e sostible do servizo.
2. O servizo delegado financiarase con cargo á cooperación e asistencia económica cos concellos correspondéndolle a Deputación Provincial de Ourense o resultado dos fluxos económicos da xestión do servizo.
3. A adhesión dos concellos a este convenio non suporá custo algún para eles.

Sexta.- Comisión de Seguimento, vixilancia e control.

1. Establécese unha comisión de seguimento, control e vixilancia paritaria do convenio, que estará integrada polo deputado – delegado da Área de Cooperación e os representantes dos concellos adheridos designados polos respectivos alcaldes.
A comisión estará asistida polo director da Área de Medio Ambiente e o xefe da Sección correspondente, con voz pero sen voto.
Os representantes dos concellos poderán asistir ás sesións acompañados de membros do goberno municipal ou técnicos asesores.
Actuará como secretaria da comisión a asesora xurídica da Área de Medio Ambiente, coas funcións propias dun secretario de órgano colexiado.
A comisión de seguimento reunirse a pedimento de calquera das partes integrantes, e as súas funcións serán as de seguimento da aplicación do convenio, interpretación e resolución de incidencias. No caso de non acadarse un acordo no seo da comisión, a Deputación Provincial resolverá unilateralmente e con carácter executivo o que proceda, sen prexuízo da posibilidade de impugnación deste acto administrativo polos concellos, conforme co sistema de recursos vixente no noso

ordenamento xurídico.

2. Son funcións da comisión de seguimento, vixilancia e control as seguintes:
 - a. Ser informada do estado de execución do convenio, así como das incidencias advertidas en cada exercicio.
 - b. Informar calquera modificación ou novación do presente convenio.
 - c. Coñecer as propostas, queixas ou suxestións que as partes poidan formularlles ao resto de entidades asinantes.
 - d. Informar os supostos de resolución do convenio.
3. A Comisión de Seguimento, vixilancia e control adoptará os seus acordos por maioría simple, agás naqueles casos nos que o presente convenio estableza un quórum diferente.

No non previsto no presente convenio, o funcionamento da comisión de seguimento, vixilancia e control rexerá polas normas de funcionamento de órganos colexiados recollidas na sección 3ª do capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Sétima.- Réxime xurídico

O presente convenio terá natureza administrativa. A súa revisión en vía xudicial, así como a dos actos e acordos ditados na súa execución ou derivados deste, corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

Oitava.- Causas de resolución do convenio.-

1. Serán causas de resolución do convenio, ademais das previstas no artigo 51.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, as seguintes:
 - a. Por decisión unilateral da Deputación.
 - b. Por decisión unilateral dos concellos adheridos, adoptada en calquera momento e sen necesidade de alegación de causa xustificativa, comunicándoo á Deputación cun prazo mínimo de tres meses de antelación á súa data de efectividade.
 - c. Por denuncia de calquera das súas partes, formulada cunha antelación mínima de tres meses ao remate de cada ano natural. En todo caso, a efectividade da resolución por denuncia de parte entenderase referida sempre ao 1 de xaneiro do exercicio seguinte.
 - d. Pola causa prevista na cláusula 4.1 de convenio

Para a aplicación desta cláusula seguirase o procedemento establecido no artigo 51.2.c) da Lei de réxime xurídico do sector público.

2. Unha vez resolto o convenio, este entrará en liquidación, que formulará a Deputación Provincial, trala audiencia das demais partes, e na que se incluírán os danos e perdas ocasionados polo incumprimento de obrigas convencionais, de ser o caso. O pago das obrigas derivadas da dita reclamación poderá reclamárselle á entidade que se considere responsable, e contra o rexeitamento expreso ou tácito desta poderán interpoñerse os recursos e exercerse as accións contempladas no ordenamento vixente.

Novena- Duración do convenio.

O presente convenio terá a vixencia de catro anos cabendo a súa prórroga de acordo ao establecido na Lei 40/2015, de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

ANEXO MÓDELO DA PARTE DISPOSITIVA DA RESOLUCIÓN OU ACORDO DE ADHESIÓN AO CONVENIO COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E OS CONCELLOS DA PROVINCIA PARA A PRESTACIÓN POR PARTE DE DEPUTACIÓN PROVINCIAL, EN RÉXIME DE COMPETENCIA DELEGADA E CON CARÁCTER INTERMUNICIPAL, DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE ACEITE DE ORIXE DOMÉSTICO

1. Aproba-la adhesión do Concello de /Mancomunidad de /Consortio de / Entidade Local Menor de ao Convenio cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para a prestación por parte de deputación provincial, en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal, do servizo de recollida de aceite de orixe doméstico, de conformidade co clausulado aprobado pola Deputación Provincial de Ourense, asumindo as obrigas e compromisos que se recollen no dito convenio.

2º.- Ordenar a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, para xeral coñecemento.

7º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE OS REITERADOS INCUMPRIMENTOS DOS ACORDOS PLENARIOS NA DEPUTACIÓN DE OURENSE POR PARTE DO GOBERNO PROVINCIAL.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Toma palabra para dar lectura á moción presentada polo Grupo Socialista, na que indica que se entende por “moción” a proposta de resolución ou acordo que os grupos políticos presentan ao pleno dunha corporación para o seu debate e votación. A súa vez, un “acordo” supón decidir algo por unanimidade ou por maioría de votos. A importancia das mocións na actividade política das institucións é indubidable. De feito, esas mocións conforman a maior parte das intervencións e acordos que teñen lugar nas sesións plenarias por parte dos grupos políticos nesta Deputación Provincial de Ourense. No que vai do actual mandato 2019-2023, que alcanza xa o seu ecuador, o único grupo que presentou mocións en todas as sesións ordinarias mensuais foi o Grupo Socialista, cun total de 38. É dicir: o PSdeG-PSOE trouxo a debate e votación máis iniciativas que todos os restantes grupos da corporación xuntos. Con este evidente dato queda acreditado o obxectivo dos socialistas de traballar arreo para impulsar os servizos e infraestruturas de carácter público e, sobre todo, para mellorar a calidade de vida e o benestar da veciñanza desta provincia. Desesa cifra total de iniciativas impulsadas polo PSdeG-PSOE, soamente oito foron aprobadas por unanimidade plenaria e, o que é peor, ningunha delas foi aínda executada. Estes datos poden completarse con outros aínda máis contundentes, que avalan a actitude construtiva do grupo socialista neste mandato. Así, grupos unipersoais, como o BNG ou CS, presentaron máis mocións no que vai de mandato que o grupo de goberno do Partido Popular. O resumo do sentido das votacións desmonta, de xeito obxectivo, todas as infundadas acusacións feitas polo grupo de goberno co seu presidente á fronte e o aplauso dalgúns palmeiros e palmeiras, no referente á unha suposta falta de actitude de colaboración por parte do principal grupo da oposición. No que vai de mandato tiveron lugar 20 sesións ordinarias cun total de 259 puntos ou propostas de aprobación, segundo se observa nas convocatorias. O grupo provincial socialista votou a favor en 176 ocasións, o que supón un 67,95 % e abstívose en 56 (21,62%). Unicamente votou en contra en 24 ocasións -case sempre votos negativos en relación ás modificacións de crédito e a emendas doutros grupos ás nosas propias mocións- supoñendo este dato unha baixa porcentaxe do 9,26 %. Outra cifra significativa que evidencia o traballo dos socialistas

en favor de Ourense é que en seis dos 20 plenos ordinarios non houbo nin un só voto en contra do seu grupo. No referente ás mocións, unha vez estudadas as presentadas polo grupo socialista, debemos analizar, de xeito global, o que está a ser unha norma xeral nas mocións presentadas polo resto de grupos. Así pois, atopámonos con que as iniciativas aprobadas por unanimidade polos diferentes grupos é de 16 dun total de 70 presentadas e, ao igual que acontece coas presentadas polo grupo socialista, tampouco as do resto de formacións políticas, incluídas ás do grupo provincial popular, están sen executar. Esta análise amosa con contundencia o escaso interese do grupo de goberno polas iniciativas aprobadas no máximo órgano colexiado da institución e, o que é máis grave e preocupante, unha nula preocupación polas accións de mellora e impulso da nosa provincia. Estes significativos datos danlle a razón ao grupo socialista ante a súa decisión de non asistir aos dous debates do estado da provincia realizados nos anos 2019 e 2020, xa que a liña a seguir de desleixo absoluto tras estas sesións extraordinarias é a mesma. Neste caso contamos 53 proposicións dos grupos asistentes -algunhas repetidas ou reiteradas o que reforza a nosa postura de que é un evento prescindible que non cumpre o que acorda- pero só 21 foron aprobadas por unanimidade. Desas 21 nin o 50 o/o foron postas en marcha. As cifras analizadas corresponden ao presente mandato, pero ben poderían ser doutro anterior xa que, lamentablemente para Ourense, o proceder do goberno provincial conservador é exactamente o mesmo. Estes feitos tamén acontecen co recollido nos denominados "plans de mandato" presentados polo "candidato Baltar" onde, nos diferentes documentos (Plan Ourense 92, Ourense 15-19 e Ourense 72-73), varias das iniciativas pasan de plan en plan e, outras moitas, quedan no esquecemento, evidenciando que eran simple fume electoral. No actual plan 72-73 os incumprimentos sobre o cronograma previsto xa son dunha alta porcentaxe. Engade que o Partido Popular leva xa seis plenos sen presentar moción ningunha. Entende que debe darse un cambio de rumbo nesta Deputación Provincial, cun grupo de goberno participativo e que respecte as mocións de todos os grupos, en particular do Grupo Socialista, ao que se lle vota en contra por sistema. Por todo o exposto, o Grupo Socialista presenta a seguinte proposta de acordo: Solicitamos á Deputación Provincial de Ourense o cumprimento dos acordos adoptados polo pleno, presentados a través das mocións dos diferentes grupos.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Fai uso da palabra para sinalar que parece que o Grupo Socialista quere facer pasar a todos os demais grupos unha especie de exame, preguntándolles se eles se creen o grupo fiscalizador do traballo de todos os demais. Seguidamente pregunta se de verdade creen que á cidadanía de Ourense, coa que está caendo, lle preocupa este tipo de moción. Anuncia que vai votar en contra desta moción, lembrando a incoherencia do Grupo Socialista que presenta unha iniciativa como esta, pero nos concellos nos que gobernan fan o que se critica nesta moción, o que amosa a incoherencia deste grupo.
- 1ª intervención José Miguel Caride (non adscrito): Sinala que estamos ante unha moción vehicular, que o que pretende é por un debate enriba da mesa na que os contendentes principais son o grupo proponente e o grupo de goberno. Manifesta que non ten demasiado interese neste tipo de debates, xa que entende que hai que mirar cara adiante, matizando que a importancia das mocións debe analizarse desde un punto de vista máis cualitativo que cuantitativo. Remata indicando que a proposta de acordo vai implícita en todas as mocións, e que é natural e innato ás propostas, polo que manifesta que votará a favor da proposta do grupo socialista.
- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza achegando un dato obxectivo, sinalando que é lóxico que o Grupo Socialista sexa o que presenta un maior número de mocións, xa que é o grupo da oposición que ten a posibilidade de presentar dúas por pleno, mentres o resto, entre eles o BNG, só pode presentar unha moción. Engade que o grupo do BNG presenta mocións en todos os plenos ordinarios, e o único no que non se tratou a moción do seu grupo, aínda que si foi presentada, foi nun pleno no que el tivo que ausentarse. Sobre a importancia das mocións pon como exemplo a relativa á creación da comisión provincial de recuperación económico “Ourense futuro”, lembrando que esta tan só realizou a súa reunión constitutiva, xa que nin asociacións nin entidades da provincia amosaron interese nela, o que sen dúbida nos debe facer reflexionar sobre a consideración que a cidadanía ten da acción política da corporación provincial en xeral e do grupo de goberno en particular. Ademais do anterior sinala que o grupo do BNG tenta por un lado facer un traballo de control e fiscalización do grupo de goberno e polo outro un labor político construtivo de cara á provincia, e que si acude ao pleno extraordinario sobre o estado da provincia por entender que é un lugar e un punto de debate entre todos os grupos provinciais para contrastar ideas. Remata sinalando que a proposta de acordo lle parece correcta e que vai implícita nas propias mocións e acordos deste pleno, polo que o seu grupo será favorable a esta proposta de acordo.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Comeza indicando que nas mocións quizás non é tanto a cantidade senón a calidade delas, lembrando que se teñen tratado mocións que moi pouco ou nada teñen que ver coas competencias desta administración provincial, ou outras que son clónicas que veñen desde foros estatais ou autonómicos. Entende que estamos ante unha moción auto referencial ou moción de mocións, e que se trata de pura estatística, cando no pleno do concello de Ourense de onte dixo o señor Villarino que a estatística tiña o valor que tiña e que non valían para gran cousa. Sobre o número de mocións do grupo de goberno, entende que é lóxico que presente menos iniciativas, xa que precisamente as súas iniciativas as pode canalizar como propostas resolutivas. Lembra sinalando, sobre o cumprimento das mocións, que moitas delas requiren moito tempo e moitos trámites para a súa execución, polo que é moi difícil valorar a súa execución ou cumprimento.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Sinala que lle parece, cando menos sorprendente, vir a este pleno a reclamar o cumprimento de acordos deste pleno cunhas cantas cifras e porcentaxes, tratando de ensombrecer o traballo do grupo de goberno. Como exemplo sinala que o Partido Socialista pretende facer oposición onde goberna, e gobernar onde está na oposición, como fixo nestas semanas levando ao Parlamento de Galicia a proposta de que a Xunta de Galicia obrigue a esta Deputación a implantar un plan único. Engade que as cifras e porcentaxes da moción só amosan a incoherencia do Grupo Socialista e as súas ganas de poder a calquera prezo, e preguntando a todos os deputados e deputadas dese grupo se están de acordo coa moción presentada. Seguidamente, sinala, como exemplo do que considera a incoherencia do Grupo Socialista, que manteña o recurso en vía xudicial contra as axudas de autónomos desta Deputación e lle pida ao goberno do concello de Ourense que saia no seu apoio, ou que o grupo socialista fose o único que non se interesou nin participou en reunións para propoñer proxectos susceptibles de ser financiados cos fondos europeos de recuperación período 2021-2027, ou que o grupo socialista votase “non” a unha proposta do grupo popular de marzo do ano 2020 na que se instaba ao goberno central a respectar a autonomía das entidades locais na xestión dos seus recursos e non utilizar o estado de alarma para apropiarse dos seus recursos. A continuación lembra que o goberno do Sr. Sánchez é o máis antimunicipalista da historia, xa que non achegou nin un só euro para as entidades locais durante a pandemia. Por último, e como outra mostra de incoherencia, repróchalle ao voceiro do grupo socialista a súa incomparecencia nos plenos sobre o estado da provincia, abdicando

do seu labor de representantes públicos, e mentindo deliberadamente sobre as propostas aprobadas dese grupo.

- 2ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Comeza a súa intervención dicindo que o voceiro popular mantén sempre o mesmo discurso, e que debe renovarse, para seguidamente indicar que o grupo popular votou en contra de mocións como as relativas ao rescate do parking do CHUOU, a relativa aos beneficios nas tarifas para as persoas con enfermidades crónicas, a relativa á mellora da asistencia e a cooperación cos concellos, a relativa ás medidas sociais de loita contra a Covid-19 ou para o cofinanciamento dos conservatorios municipais. Seguidamente diríxese ao señor Ojea para lembrarlle que el non dixo o contrario no pleno do concello, senón que o alcalde de Ourense o que fai é manipular, cando utiliza a media dicindo que son 60 euros o que se ía rebaixar no IVTM no concello de Ourense. Engade que os datos da moción son claros e non son manipulables, por iso non lle gustan ao grupo popular. Indica que o grupo popular coa súa maioría o que fai é bloquear o labor fiscalizador do principal grupo da oposición, e lembra a moción máis “perversa” que pode recordar, e que consistiu en condicionar o apoio ao Hospital de Verín á reprobación do voceiro socialista. Remata sinalando que agarda ver o momento en que o grupo popular vote en contra de querer levar á práctica as mocións que se aproben no pleno provincial.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Sinala na súa intervención que o grupo provincial socialista está dirixido por dous machistas que increpan a todo o que non está de acordo cos seus posicionamentos, e que sempre quedan en evidencia, e amosan un moi escaso nivel. Sobre o comentario do voceiro socialista dirixido ao voceiro popular de que os anos non pasan en balde, indica que o retratan como a persoa máis indigna para poder sentarse nesa cadeira e que unha mala persoa xamais poderá ser un bo político.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza sinalando que o grupo popular presenta mocións cando se trata de cuestións que non son competencias ou alleas á corporación provincial, xa que estas se tramitan como propostas de carácter resolutivo. Seguidamente pídelle ao voceiro popular que non se meta co plan único de cooperación cos concellos, xa que agarda que máis pronto que tarde se aplique nesta Deputación. Sobre o reproche á nula achega coas entidades locais do goberno central na súa loita contra os efectos da pandemia, lembra que o goberno autonómico achegou o mesmo, e que foron “cero euros”. Sobre o contido da moción entende que non hai moito máis debate, e que a parte do acordo

non ten moito que discutir por ser algo inherente á aprobación dos acordos no pleno, polo que votará a favor.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Sinala que as dúas propostas de acordo da moción son ata certo punto incompatibles, xa que se se pide que se poñan en marcha moitas mocións, non se pode pedir que se profunde moito en cada unha delas, xa que os recursos son limitados e escasos, tanto os económicos, como os temporais como os humanos. Sinala que se o que se pide nalgunha moción se analiza con espírito realista, moitas delas non se poderían levar a cabo nin ao longo dun mandato.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo popular): Comeza sinalando que o voceiro socialista xa está a facer de “profe gruñón”, e pídelle que deixe de preocuparse sobre se o voceiro popular debe renovar o seu discurso ou non, xa que parece que só quere empregar o debate para insultar. Sobre o feito de que o grupo socialista presente mocións en todos os plenos sinala que só faltaba que non fose así, lembrando que este grupo goza de fondos da Deputación para ter varios deputados e deputadas con dedicación e persoal eventual propio do grupo. Volve lembrar que son o único grupo que non acude ao segundo pleno máis importante do ano, que é o do estado da provincia, e que máis do setenta por cento dos asuntos que integran a orde do día dos plenos son de iniciativa do grupo de goberno, lembrando que non se goberna só con mocións senón con propostas de goberno. Indica que o grupo socialista ademais vota en contra das propostas realmente importantes, como son os orzamentos provinciais, as modificacións orzamentarias e outras. Seguidamente lembra que cando o señor Villarino se fixo cargo do partido socialista na provincia, dixo que ía presentar un candidato e un programa de mandato ao goberno provincial para que os electores o coñecesen, e que nada se soubo desa proposta. Lembra que o plan de mandato deste grupo de goberno está publicado e a disposición da cidadanía e que será cumprido por este goberno. Indica que aínda estamos a metade de mandato, e que o plan de goberno provincial 72-73 será cumprido.

- quenda de peche Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando que é un pouco “cansino” que o insulten, que lle chamen mala persoa, “profe gruñón” e outros cualificativos cando el non insulta a ninguén, e que é algo permanente neste pleno. Sinala que o problema que temos neste debate se reduce a unha cuestión de voto, cumprir ou non o que se aproba neste pleno, e que todo o demais son cortinas de fume e descualificacións. Engade que un dos problemas deste grupo de goberno é que o Consello de Contas deixou moi claro que esta administración pública fai as cousas “a dedo”, e que hoxe vimos pedir, nin máis nin

menos, que se cumpran os acordos deste pleno, e que non lle importa que o descualifiquen, xa que a el non lle gustaría ser amigo de persoas con prácticas que non son as dunha democracia ou que reparten os fondos discrecionalmente. Remata sinalando que non existe ningunha contradición na proposta de acordo que se somete a votación. Por último sinala que o seu plan de mandato consistirá en que, o día en que o Partido Popular deixe de gobernar esta provincia, haberá transparencia, democracia, plan único, ou fondos distribuídos de forma equitativa, e que o grupo popular só sabe difamar e insultar para tratar de atacar ao grupo socialista, porque nas súas réplicas saben que non teñen razón.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), do BNG (1) e do deputado non adscrito don José Miguel Caride Domínguez (1), e o voto en contra do Grupo Popular (12), de Democracia Ourensana (1) e da deputada non adscrita dona Montserrat Lama Novoa (1).

8º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A EQUIPARACIÓN REAL E EFECTIVA DAS PERSOAS MENORES EN ACOLLEMENTO FAMILIAR

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda á moción e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Toma a palabra para indicar que para a exposición desta moción cede a súa primeira quenda de intervención a Carmen Dourado Rodríguez, coordinadora de ACOUGO (Asociación Galega de Familias de acollida), para a súa exposición.

Carmen Dourado toma a palabra para contextualizar o problema, indicando que en Galicia nunca existiron tantas crianzas institucionalizadas como agora, e que este problema debe preocuparnos moito, xa que se lles está negando a estas crianzas un dereito fundamental, que é o de medrar en familia. Preto de 1.600 crianzas están en Galicia nesta situación, en centros de menores, e sen dereito a medrar nunha familia, o que constitúe unha realidade que non é coñecida. Sinala que a Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, explica o que é o sistema galego de servizos sociais, onde entran os servizos sociais comunitarios dos concellos e se fala das competencias de todos os poderes públicos para a promoción ou a prevención de

todas as casuísticas que atinxen á poboación mais vulnerable, e entre eles os menores do sistema de protección. Engade que eles como entidade están dentro destes servizos sociais como entidade prestadora e contando cun equipo de profesionais. Por outra banda, a Lei 3/2011, de apoio á familia e á convivencia en Galicia, no seu artigo 9 establece que como familias de especial consideración ás familias acolledoras. Seguidamente indica que ACOUGO leva xa contactado con varios concellos desta provincia, tanto con representantes políticos como técnicos, e que de aquí extraen importante información, da que se deduce que o acollemento familiar permanente en Galicia non funciona ou funciona moi mal, e apenas se propoñen menores para este tipo de acollemento, que é fundamental, para buscar a estabilidade dentro da inestabilidade da ausencia de familia, xa que lles permitiría medrar mantendo o seu vínculo de orixe. Engade que temos a obriga de tentar mudar esta situación xa que as cousas non funcionan ben. Sinala que o acollemento familiar é unha medida moi complexa de protección dos menores, e os poderes públicos teñen a obriga de velar polar por esas crianzas que están dentro do servizo de protección dos servizos sociais, e que esta situación se debe visualizar, e pide que se tomen en consideración as súas propostas, pódose por último a disposición da corporación provincial para calquera aclaración ou cuestión que xurda ao respecto da súa exposición e das súas propostas.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): En primeiro lugar toma a palabra para darlle os parabéns a Carmen pola súa exposición, engadindo que resulta moi bonito escoitala porque se aprecia que fala con paixón do seu traballo, e convida á propoñente a que manteña unha reunión co grupo de goberno provincial para que poida materializarse unha colaboración entre estas dúas entidades. Seguidamente indica que nesta moción orixinal do grupo socialista se botaba en falta a presenza doutras entidades como o goberno autonómico ou o estatal, polo que indica compartir a emenda neste senso presentada polo grupo popular. Remata insistindo en que ao tratarse dun asunto de tanta importancia non debe quedar nesta moción, e que o que se precisa é unha gran reunión entre a representación desta asociación e o grupo de goberno provincial.

- 1ª intervención José Miguel Caride (non adscrito): Igualmente toma a palabra para darlle os parabéns a Carmen pola súa exposición, para seguidamente indicar que o acollemento familiar é unha medida de protección para a infancia e que se canaliza a través da mellor das maneiras posibles, que é de facilitar un entorno familiar. Sobre as propostas que figuran na moción do grupo socialista amósase favorable a elas indicando que votará a favor.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Igualmente procede a darlle as grazas a Carmen Dourado pola súa exposición, por tratarse dun tema descoñecido en moitos ámbitos. Como xa indicou na comisión informativa, amósanse conformes coas propostas de acordo, se ben tiñan certas dúbidas co punto quinto, relativo a un rexistro provincial de familias acolledoras da DPO. En resumo sinala que o BNG está plenamente de acordo con estas políticas de conciliación e que buscan a protección dos menores, insistindo na importancia que ten o acollemento familiar fronte á súa estadía nun centro tutelado.
- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Manifesta concordar co manifestado pola deputada Montserrat Lama, e subscibe a petición de que o goberno provincial manteña unha reunión coa asociación ACOUGA, e aproveita a súa condición de grupo de goberno no concello de Ourense para instalos a contactar para manter unha reunión e tratar posibles vías de colaboración con esta asociación.
- 1ª intervención Luz Doporto (grupo do PP): Toma a palabra felicitando a Carmen Dourado pola súa exposición nun tema tan sensible pero tan real e descoñecido. Como grupo de goberno ponse a disposición da asociación ACOUGO para manter unha reunión para estudar posibles vías de colaboración. Seguidamente explica o contido da emenda de substitución do grupo popular, no que se pide a participación doutras administracións públicas, especialmente das que teñen competencias nesta materia, que son o Estado e a Comunidade Autónoma. A emenda consiste en manter os primeiros catro puntos da moción orixinal, e substituír os puntos quinto ao noveno por un único punto instando ao Goberno de Estado e á Xunta de Galicia a que elaboren un rexistro de familias acolledoras de carácter voluntario, a que contemplan partidas orzamentarias con axudas para familias acolledoras, e a que poñan en práctica medidas para divulgar e sensibilizar sobre o acollemento familiar e da necesidade de ter familias acolledoras. Por último, ao entender que esta emenda mellora a moción orixinal e a fai máis realista, e que dada a importancia do acordo, pide o voto unánime a ela.
- 2ª intervención Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Nesta quenda volve reiterar o seu agradecemento a Carmen Dourado pola súa exposición, indicando que logo dunha reunión mantida no concello de Taboadela foi cando xurdiu a idea de traer esta moción a debate neste pleno provincial. Sobre a emenda do grupo popular manifesta que lle parece que intenta facer un truco de maxia, involucrando ao goberno de España e á Xunta de Galicia, o que non lle parece mal, pero facendo desaparecer á Deputación Provincial, que é a institución onde estamos. Insiste en que a moción do seu grupo busca que cada administración exerza as súas

competencias, involucrar a esta Deputación, e especialmente á Xunta de Galicia como administración con competencias plenas en materia de servizos sociais, de aí a importancia de demandar que a Xunta conte cunha partida orzamentaria propia, que actualmente non a ten, e de que a Xunta, na provincia de Ourense, manteña o criterio que segue nas outras provincias, de que o acollemento temporal permanente se prolongue en detrimento do residencial. Polas razóns expostas indica que lles parece moi ben que se teñan reunións entre esta asociación e o grupo de goberno, pero pide que coa emenda non se trate de pedir algo diferente e difuminar a petición orixinal deste grupo, e que se manteñan as propostas de acordo orixinais en particular no referente á participación da Deputación Provincial.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Insiste en que estamos ante un tema delicado e importante, e que non debe ser politizado, polo que formula, incluso se é necesario, que se retire a moción, e se valore que esta moción en ningún caso debe ser partidista.

- 2ª intervención José Miguel Caride (non adscrito): Sobre a emenda do grupo popular indica que non a pode apoiar porque o punto nove, relativo a instar á Xunta de Galicia a potenciar o criterio de acollemento familiar permanente, lle parece o máis importante, e este desaparece na emenda do grupo popular. Polo exposto manifesta que mantén o seu apoio á moción orixinal do grupo socialista, sen prexuízo de que se inclúa ao Goberno central ou á Xunta de Galicia, pero mantendo á Deputación provincial e a petición de potenciar o criterio do acollemento permanente.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Sinceramente sinala non ver ningún problema de compatibilidade entre a moción orixinal do grupo socialista e a emenda do grupo popular, polo que lles roga que se compatibilicen ambas, e se trate a emenda como de engádegas e non de substitución. Estamos ante un tema de calado social, e deben poñerse diante os intereses dos menores, polo que pide saír con unanimidade de acordo de todos os grupos provinciais neste punto.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Insiste en pedirlle á representante de ACOUGO a manter reunións cos diferentes grupos de goberno municipais, en particular mantendo o ofrecemento do grupo de goberno do concello de Ourense para chegar a acordos de colaboración.

- 2ª intervención Luz Doporto (grupo do PP): Dada a importancia do asunto e para tentar acadar un acordo unánime de todos os grupos, pide un receso de cinco minutos para acadar unha proposta conxunta ou a eventual retirada deste punto.

- quenda de peche Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que todos somos deputados e deputadas provinciais, e debemos ser transparentes na toma de acordos. Manifesta sentirse indignado polas acusacións que se fixeron de politización e de demagogia, insistindo en que só se trata de dar visibilidade a un problema real e que en ningún intre se mencionou na moción a ningún partido político. Insisten en que non están dispostos a que se retire ningún dos puntos da súa moción orixinal, en particular o relativo ao punto noveno do acollemento familiar permanente.

****Neste punto, e sendo as doce horas e cincuenta e sete minutos (12.57 h.), faise un breve receso para que os intervinientes no debate poidan consensuar una proposta de acordo única neste punto da orde do día. Ás trece hora e un minuto (13.01 h.) prosegue a sesión.*

- intervención de Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Procede a explicar cal é o texto unánime que se someterá a votación, e que consiste en que a emenda de substitución do grupo popular se transforma dunha emenda de engádegas, suprimindo ese primeiro apartado do punto quinto.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Que a Deputación Provincial de Ourense ordene e actualice a súa normativa para establecer expresamente a equiparación de feito, na medida do posible, para os efectos administrativos, aos menores en acollemento en calquera das súas modalidades -temporal, permanente, preadopción ou de urxencia-, á condición de fillo ou filla, durante o tempo que se atopen baixo acollemento familiar, configurando medidas que apoiem positivamente a estas familiar e menores.

2º.- Que a Deputación Provincial de Ourense incorpore o ítem “familia acollidora” ou “crianza acollida” nos impresos e modelos das súas áreas de xestión, configurando medidas que apoiem positivamente a estas familias e menores.

3º.- Que a Deputación Provincial de Ourense considere ás familias acolledoras de especial protección, aplicando medidas de discriminación positiva que faciliten a vida comunitaria a nivel local das persoas que acollen e das acollidas.

4º.- Que a Deputación Provincial de Ourense valore a posibilidade de ofrecer formación básica ou avanzada ao seu persoal, en materia de medidas de protección de menores, especialmente sobre acollemento familiar.

5º.- Que a Deputación Provincial de Ourense elabore un rexistro provincial de familias acolledoras de carácter voluntario.

6º.- Que a Deputación Provincial de Ourense aprobe axudas para familias acolledoras.

7º.- Que a Deputación Provincial de Ourense poña en práctica medidas para divulgar e sensibilizar sobre o acollemento familiar e da necesidade de ter familias acolledoras e instar á Xunta de Galicia e ao Goberno de España para que poña en práctica as ditas medidas.

8º.- Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno de España a dotar unha partida orzamentaria para as familias acolledoras ou para o acollemento familiar.

9º.- Instar á Xunta de Galicia a potenciar o criterio de acollemento familiar permanente.

9º.- MOCIÓN DO BNG EN DEFENSA DO PATRIMONIO.

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Fai uso desta primeira queda de intervención para dar lectura á moción presentada polo seu grupo. Sinalaba Vicente Risco en "Xeografía Xeral do Reino de Galiza " a natureza da provincia de Ourense, afirmando que "A provincia de Ourense non é unha entidade histórica nin xeográfica. É un pedazo de territorio de Galiza, artificialmente coitado pola lei provincial, unha creación administrativa sen deslinde natural, sen tradición anterior, sen pasado. Non é posible facer a historia da provincia de Ourense, porque non a ten; cabe soamente anotar aquí aqueles feitos da historia de Galiza que se desenvolven dentro dos límites que a administración os sinalou." Con todo, esta delimitación administrativa xestionada desde a Deputación ten a honra de asentarse sobre uns territorios que lle legaron un importante patrimonio tanto cultural como natural. Sendo a provincia cun maior número de elementos patrimoniais do País e a segunda do Estado. Así o avalan tres parques naturais, tres monumentos naturais, unha Paisaxe protexida, dous Espazos Naturais de Interese Local, dúas Reservas da Biosfera (tres proximamente), dez zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (LICS e ZEPAs), setenta e oito Bens de Interese Cultural catalogados e infinidade de celebracións etnográficas. Por

non falar dos milleiros de recursos culturais inventariados sobre os que non existen estadísticas fiables. Porén este patrimonio vese constantemente ameazado por múltiples problemas, nunha provincia que afronta un reto de supervivencia coa desaparición de case 200.000 habitantes en pouco máis de 50 anos. Unha realidade demográfica na que o despoboamento xera un auténtico problema para a conservación do patrimonio, se temos en conta o importante peso que desde sempre tivo a veciñanza no seu coidado, para a que primaba a súa conservación sobre intereses económicos e mesmo o coidou e defendeu ante inxerencias de calquera tipo. Agora as vagas de lumes que se repiten ano tras ano, e ás veces, os propietarios dos terreos, particulares ou comunidades de montes, que descoñecen os tesouros que estes ocultan, ou outras que prefiren facer como que non saben, ante a inquedanza de que lles xere problemas se aparecen restos arqueolóxicos nas súas propiedades son problemas constantes. Cando son actuacións lamentábeis das propias administracións que teñen afectado por acción ou omisión á conservación desta innegable riqueza que nos foi legada. O resultado é unha destrución lenta pero constante, que xa sementou a preocupación entre os especialistas. A Deputación de Ourense creaba en 2016 unha comisión Provincial de Patrimonio para potenciar, difundir, e preservar a riqueza histórica, monumental e cultural da provincia de Ourense. Creada no Pazo Provincial e presidida polo presidente da institución co obxecto de reunir aos principais técnicos e representantes de institucións vinculados ao patrimonio provincial ourensán, para que avaliasen, analizasen e elaborasen informes referidos a temas patrimoniais nos que traballaba e colaboraba a Deputación, para "achegar propostas que contribúan a seguir potenciando e poñendo en valor a riqueza monumental da nosa provincia". Comisión que se convocaría periodicamente cada tres meses. Pasados xa cinco anos da creación desta comisión o desleixo ante o noso patrimonio é palpable na provincia, non só é cuestionábel por parte de administracións, sinaladamente da Xunta de Galiza como administración competente e responsábel do noso patrimonio, senón tamén dunha perda de sensibilidade ante os elementos máis vulnerables deste. Os atentados contra o patrimonio cultural é unha constante na provincia de Ourense. Manténdose no tempo roubos, actos vandálicos e "accidentes" (intencionados ou non). Hai unha actitude que aínda está presente en Galiza ante os nosos tesouros patrimoniais, que tende a menosprezalos e velos como un atranco ao desenvolvemento, mesmo entre administracións. E así atopamos esporadicamente

cargos públicos que ignoran requirimentos de patrimonio; tratan de ignorar informes arqueolóxicos, ou os que agachan a prevalencia de intereses económicos fronte o patrimonio, tras a escusa dun descoñecemento de patrimonio catalogado nos seus concellos. Como non lembrar o lamentablemente famoso caso do Mosteiro de Santa María de Melón coas obras dun polideportivo promovidas ao seu carón polo seu ex-alcalde xa condenado; ou as aínda inconclusas obras para a construción dun albergue no entorno do Mosteiro de Oseira, que contaran con todos os permisos, pero non deixan de sorprender á veciñanza e quen alí se achega polo imposible encaixe nun entorno de semellante pouso histórico e patrimonial. Actuacións agresivas que xeran o risco de degradar elementos patrimoniais como este de Oseira, sería tamén a posible afección de parques eólicos en espazos tan singulares como a Casa da Neve en Celanova, senón se artellan as medidas de protección correspondentes. Os ataques contra o patrimonio non son, nin moito menos, exclusivos de zonas rurais. Así podemos ver como na cidade de Ourense se poden enumerar no que vai de ano diversas negligencias, actos vandálicos, e agravios de diversa índole contra o noso patrimonio. Con motivo da rehabilitación arquitectónica do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense destruíuse un "Taboleiro de Muiño" labrado en tempo inmemorial nunha das pedras do antigo pazo Episcopal; a desaparición da estatua de bronce 'Home', de Xosé Cid, do seu emprazamento no Parque Miño; ou a mutilación da estatua na honra de Alexandre Bóveda, da que foron cercenados os gromos de carballo que dan sentido á obra e sen os cales a estatua perde todo o significado. O abandono tamén é outro dos graves problemas que padece o noso patrimonio. Así a provincia de Ourense triplicou desde 2018 a "lista vermella" de monumentos en lista da asociación "Hispania Nostra", nove son de Ourense: A torre de Torán en Taboadela, a torre do Olivar en Toén, o mosteiro de San Paio de Abeleda en Castro Caldelas, Bon Xesús de Trandeiras en Xinzo, o mosteiro de Santa María de Melón, o Priorato de Santa Comba de Naves en Ourense, a reitoral de San Xoán de Barrán en Piñor, o mosteiro de Santa Uxía de Lobás no Carballiño, a torre de Sande en Cartelle. Son os nove monumentos que constitúen esta "lista vermella" que recolle aqueles elementos do Patrimonio Cultural "que se atopen sometidos a risco de desaparición, destrución ou alteración esencial dos seus valores, ao obxecto de dalos a coñecer e lograr a súa consolidación ou restauración". A pesar de que algún destes elementos

patrimoniais foi incluído de forma provisional ao ter os seus donos un proxecto de consolidación que non de recuperación integral, o feito pon de manifesto a degradación paulatina ante o abandono, aínda que a lei obrigue a velar polo patrimonio. Esta realidade evidencia unha falta de planificación acorde ao valor patrimonial que atesoura a provincia de Ourense, un deixamento cando non negligencia flagrante da Conselleira de Cultura e Universidades Xunta de Galiza, responsábel de facerse cargo desta realidade. Neglixencia que delatou o contundente e demoledor informe do Comité Internacional dos Monumentos e dos Sitios (Icomos) no que denega que a Ribeira Sacra, que integra a once concellos da provincia de Ourense, non sexa inscrita na Lista do Patrimonio Mundial, manifestando claramente o organismo asesor da UNESCO a inexistencia dunha planificación política patrimonial por parte da Xunta. Porén unha realidade da que a Deputación provincial de Ourense non pode desentenderse, xa que sen dúbida un dos máis importantes activos cos que contamos é esta riqueza patrimonial que cando é posta en valor como no caso de San Cibrao de Las (entre Punxín e San Amaro) ou o Castro de Armea en Allariz, non só nos permite identificar as nosas raíces senón que se converte en revulsivo socioeconómico de primeira magnitude. Sendo este un dos retos aos que terá que facer fronte a Deputación nos próximos anos, é preciso actuar con estratexia e non con base en urxencias, para que o patrimonio que herdou da historia galega perdure unha vez esta Deputación pase o relevo a outra institución tras a desaparición dos lindes artificiais da provincia, que diría Vicente Risco. Por último da lectura ás propostas de acordo recollidas na súa iniciativa política:

1º.- O Pleno da Deputación Provincial de Ourense insta ao goberno provincial a reactivar a Comisión Provincial de Patrimonio.

2º.- Instar á Xunta de Galiza a elaborar un informe sobre a situación do patrimonio cultural da provincia, e que este sexa remitido á Deputación de Ourense e a todos os concellos desta provincia.

3º.- Instar á Xunta de Galiza a deseñar, en coordinación coa Deputación Provincial, un proxecto global de xestión do patrimonio sostíbel, para a protección dos elementos patrimoniais da provincia. No que se priorice o coñecemento e valorización do patrimonio sobre criterios turísticos, que poden ser complementarios, pero non á inversa. Coa conseguinte partida para estes fins nos orzamentos da Xunta para o ano 2022 e seguintes.

4º.- Posta a disposición dos propietarios de bens catalogados, dos cadros técnicos da Deputación de Ourense para o deseño de proxectos destinados a garantir a consolidación do patrimonio cultural que eviten o seu deterioro.

5º.- Crear un fondo que con criterios obxectivos na súa adxudicación, apoie a persoas físicas e institucións propietarias de bens patrimoniais catalogados dispostos a emprender reformas de rehabilitación dos ditos bens.

6º.- Que a Deputación de Ourense emprenda un proxecto didáctico de divulgación patrimonial para a concienciación a cargos municipais, e propietarios individuais e colectivos veciñais, dos bens patrimoniais que atesouran os seus concellos, incidindo no valor social do patrimonio, evitando así que as medidas sexan reactivas aos danos.

7º.- Instar á Xunta de Galiza a elaborar e poñer en funcionamento un plan pedagóxico patrimonial escolar para que o coñecemento, o coidado e o que representa o patrimonio, forme parte dos principios educativos de nenas e nenos.

8º.- Instar á Consellería de Cultura e Universidades da Xunta de Galiza, en coordinación coa Deputación de Ourense, a implementar ferramentas dixitais para a difusión e coñecemento do noso patrimonio.

9º.- Instar á Xunta de Galiza a dar traslado do proxecto de albergue que se está realizando no Mosteiro de Oseira, co fin de poder ser avaliado en profundidade nesta Deputación, se este non fose trasladado á data da realización deste Pleno.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Intervén simplemente para felicitar ao deputado autor desta iniciativa política, entendendo que nesta proposta non hai nada que engadir nin que debater.

- 1ª intervención José Miguel Caride (non adscrito): Manifesta o seu voto favorable e esta proposta, por compartir todos e cada un dos seus puntos, poñendo en valor especialmente o punto primeiro relativo á Comisión provincial de patrimonio.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Como xa manifestou na comisión informativa, maniféstase favorable a esta proposta e a cada un dos seus puntos da proposta de acordo. Reitera a necesidade de por en valor o noso patrimonio histórico-artístico, con moitísima historia, e que en moitos casos se atopan en moi mal estado.

- 1ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Igualmente manifesta o voto favorable do seu grupo, argumentando que a defensa do noso patrimonio é un asunto que esta corporación debe priorizar, polo que se debe reactivar esa Comisión provincial de patrimonio.

Neste sentido manifesta que o noso patrimonio debe ser protexido e recuperado polas nosas AAPP, pero tamén debe ser dado a coñecer, tanto á cidadanía da provincia como á de fóra. Entende ademais que a protección do patrimonio debe estenderse tamén ao patrimonio inmaterial que tamén se atopa en situación de risco, polo que se debería poñer en marcha un plan de preservación e recuperación pola Deputación Provincial. Manifesta por último que agarda que esta moción se aprobe por unanimidade neste pleno provincial.

- 1ª intervención César Fernández (grupo do PP): Comeza sinalando que cando falamos de patrimonio debemos esquecer aos “tripartitos” e aos partidos políticos, e que o que ten que saír hoxe de aquí é un acordo unánime. Sinala que estamos a falar de obrigas, tanto das AAPP como da cidadanía, tanto de coñecelo, como de conservalo e divulgalo. Sinala que estamos ante unha moción que suscita unanimidade e que neste sentido vai saír reforzada por este acordo. Como matiz, unicamente quere indicar que existe unha certa contradición ao inicio da moción, cando se cita a Vicente Risco e se fala de ausencia de historia e identidade da provincia de Ourense como tal, pero que precisamente cando se fala do inxente patrimonio que existe nela, se amosa a identidade real que existe da provincia de Ourense como tal.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Agradece o respaldo amosado por todos os grupos á súa iniciativa política, para a continuación lembrar como no século XIX foi a golpe de galope de cabalo como se marcaron os límites das provincias, e que de aí ven o actual sistema administrativo, e non foi máis alá de ningún outro criterio. Sobre o fondo da cuestión insiste na importancia de coñecer e conservar o noso patrimonio, material e inmaterial, para apuntar, por último, que no ano 1909, nove persoas faleceron precisamente por defender o noso patrimonio, precisamente no Mosteiro de Oseira, o que considera unha mostra máis do noso acervo e da nosa identidade, polo que esta moción debe servir de homenaxe a todas as persoas que ao longo dos anos defenderon o noso patrimonio.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Sobre a importancia do patrimonio inmaterial lembra a moción que trouxo o seu grupo para a recuperación da toponimia, dicindo que esta deba estenderse tamén aos refráns, cantigas, contos e outras manifestacións. Seguidamente reflexiona sobre cando nos momentos críticos da pandemia se adoptaban moitos criterios sanitarios en función dos límites perimetrais dos concellos, criterios adoptados hai case dous séculos e que hoxe non son os idóneos.

- 2ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Nesta intervención manifesta que agarda que esta moción non caia en saco roto como pasou coa Comisión de recuperación económica e que pronto se reúna a Comisión provincial de patrimonio.

- quenda de peche Bernardo Varela (grupo do BNG): Agradece o voto favorable de toda a corporación provincial.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- O Pleno da Deputación Provincial de Ourense insta ao goberno provincial a reactivar a Comisión Provincial de Patrimonio.

2º.- Instar á Xunta de Galiza a elaborar un informe sobre a situación do patrimonio cultural da provincia, e que este sexa remitido á Deputación de Ourense e a todos os concellos desta provincia.

3º.- Instar á Xunta de Galiza a deseñar, en coordinación coa Deputación Provincial, un proxecto global de xestión do patrimonio sostíbel, para a protección dos elementos patrimoniais da provincia. No que se priorice o coñecemento e valorización do patrimonio sobre criterios turísticos, que poden ser complementarios, pero non á inversa. Coa conseguinte partida para estes fins nos orzamentos da Xunta para o ano 2022 e seguintes.

4º.- Posta a disposición dos propietarios de bens catalogados, dos cadros técnicos da Deputación de Ourense para o deseño de proxectos destinados a garantir a consolidación do patrimonio cultural que eviten o seu deterioro.

5º.- Crear un fondo que con criterios obxectivos na súa adxudicación, apoie a persoas físicas e institucións propietarias de bens patrimoniais catalogados dispostos a emprender reformas de rehabilitación dos ditos bens.

6º.- Que a Deputación de Ourense emprenda un proxecto didáctico de divulgación patrimonial para a concienciación a cargos municipais, e propietarios individuais e colectivos veciñais, dos bens patrimoniais que atesouran os seus concellos, incidindo no valor social do patrimonio, evitando así que as medidas sexan reactivas aos danos.

7º.- Instar á Xunta de Galiza a elaborar e poñer en funcionamento un plan pedagóxico patrimonial escolar para que o coñecemento, o coidado e o que representa o patrimonio, forme parte dos principios educativos de nenas e nenos.

8º.- Instar á Consellería de Cultura e Universidades da Xunta de Galiza, en coordinación coa Deputación de Ourense, a implementar ferramentas dixitais para a difusión e coñecemento do noso patrimonio.

9º.- Instar á Xunta de Galiza a dar traslado do proxecto de albergue que se está realizando no Mosteiro de Oseira, co fin de poder ser avaliado en profundidade nesta Deputación. Se este non fose trasladado á data da realización deste Pleno.

10º.- ASUNTOS DE URXENCIA.-

Toma a palabra o deputado Rodríguez Villarino (PS de G-PSOE) para sinalar que o sindicato de enfermería SATSE remitiu un escrito que eles lles fixeron chegar aos voceiros dos diferentes grupos políticos relativo a unha declaración institucional para *os que partidos representados na deputación e no concello da cidade recoñezan o traballo realizado polo colectivo de enfermería da provincia de Ourense e para solicitar ao alcalde da cidade Gonzalo Pérez Jácome que se retracte das palabras vertidas nas súas RRSS contra o dito colectivo por consideralas un insulto, menosprezo e agresión cara a este colectivo.*

Engade que remitida esta declaración aos diferentes voceiros parece que non acada o consenso para que poida ser aprobada como tal declaración institucional polo que agora solicita a súa tramitación como moción pola vía de urxencia.

Xa que logo procede a motivar e xustificar a urxencia, argumentando que o próximo pleno provincial será a finais do mes de setembro, polo que de aprobarse este texto de apoio ao persoal de enfermería de Ourense, debe facerse neste intre xa que senón perdería a súa vixencia.

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación a tramitación desta moción do grupo socialista polo trámite de urxencia, que resulta rexeitado ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), do BNG (1) e do deputado non adscrito don José Miguel Caride Domínguez (1), e o voto en contra do Grupo Popular (12), de Democracia Ourensana (1) e da deputada non adscrita dona Montserrat Lama Novoa (1).

11º.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das relacións de decretos do mes de xuño de 2021.

Os membros da Corporación quedan informados.

12º.- ROGOS E PREGUNTAS:

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Pregunta sobre a edificación de propiedade da DPO localizada na rúa Monterrei da cidade de Ourense adquirido por 637.073,00 € e para dedicalo a sede da Escola de Artes e Oficios. Engade que este edificio se atopa cualificado catastralmente como ruínas, na zona histórica da cidade e en estado ruinoso e carente de todo mantemento. A continuación pregunta se a Deputación ten prevista algunha actuación cara o mantemento desta edificación, se vai proceder á súa recuperación ou se van facer traballos de limpeza periódicos dado o seu estado de abandono.

A Presidencia contesta que desde a Deputación se están a facer labores de limpeza e mantemento para garantir a súa seguridade de acordo cos informes técnicos emitidos polo aparelador municipal e supervisados polos arquitectos da Deputación. Engade que a Deputación si ten pensado recuperar esta edificación, así no ano 2018 se fixo unha escavación arqueolóxica, na que se conclúe que a intervención no solar non afecta ao patrimonio arqueolóxico da cidade de Ourense permitíndose o seu aproveitamento urbanístico previsto. Engade que desde a área de medio ambiente lle informan que se están facendo labores periódicas de limpeza polas brigadas de zonas verdes, a última en xullo de 2021.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Pregunta sobre o anuncio feito en 2018 polo goberno provincial de presentar a candidatura de Ourense como territorio creativo da UNESCO. Sobre isto pregunta se hai algún informe de avaliación desta iniciativa e a canto ascenderon os gastos desta.

A Presidencia dá lectura ao informe elaborado polo asesor de política cultural, no que se indica que en xuño de 2018, nun encontro entre a Presidencia da Deputación e o director do laboratorio de patrimonio e turismo cultural da Universidade de Barcelona sobre o seguimento do plan provincial de turismo cultural e creativo da provincia de Ourense, anunciouse a posibilidade de presentar a candidatura de Ourense para ser territorio creativo da UNESCO. Engade que a realización do dito plan está actualmente paralizada polas circunstancias que estamos a vivir, sendo vontade de ambas partes a súa continuación. A día de hoxe non se fixo ningún tipo de pagamento relacionado con ese tema.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Indica que unha vez confirmada a resolución do expediente disciplinario ao doutor Castrillo ao que se lle impoñen dous días de suspensión de

emprego, o que considera unha clara manobra de persecución que non se sostén. Pregunta se actuará a Deputación en defensa do doutor Castrillo, tal e como manifestou a Presidencia neste pleno.

O Sr. presidente contesta que o acordo aprobado neste pleno ao que se fai referencia indicaba que se instaría á Xunta de Galicia a arquivar o expediente no suposto de que a causa fose o seu posicionamento en contra do peche temporal do paritorio de Verín. Engade que o que ten que dicir é que ten o máximo respecto profesional polo doutor Castrillo, pero tamén o seu respecto aos procedementos administrativos garantindo sempre os dereitos de audiencia, alegacións e réxime de recursos, remitíndose á resposta dada en sede parlamentaria polo Conselleiro de Sanidade neste mesmo mes de xullo

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Pregunta sobre o acordo asinado en 2018 entre a Deputación e o laboratorio de patrimonio e turismo cultural da Universidade de Barcelona para poñer en marcha un plan de turismo cultural e creativo da provincia de Ourense. Neste sentido pregunta se existe algún informe, documento ou similar e cal é o seu custo, así como se existe algún informe de avaliación deste.

A Presidencia dá lectura ao informe elaborado polo asesor de política cultural, no que se indica que en marzo de 2017 se asinou un convenio entre a Presidencia da Deputación e o director do laboratorio de patrimonio e turismo cultural da Universidade de Barcelona sobre a execución do plan provincial de turismo cultural e creativo da provincia de Ourense, que posteriormente tiveron lugar diferentes reunións de onde xurdiron achegas, pero a situación sanitaria que estamos a vivir retardou a súa execución e alterou o cronograma previsto, se ben se retomará en canto sexa posible. Engade que non se fixo liquidación ou pagamento ningún por esta colaboración ata a data de hoxe.

- Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta sobre a incoación de expediente administrativo de resolución do contrato administrativo especial denominado “Escola de equitación de Ourense”, o cal foi tratado na derradeira comisión informativa, e dado que nin pola Presidencia nin polo grupo de goberno se deu resposta a ningunha das preguntas formuladas polo grupo socialista, reitera estas. Entre 2012 e 2017 EQUUS OURENSE foi obxecto de expedientes de resolución do contrato por incumprimento, por non pagar o canon e non ter executada a clínica veterinaria, pregunta se a DPO percibiu o canon fixado entre a sinatura do contrato e o ano 2017. Pregunta igualmente se o contratista construíu a clínica veterinaria ofertada. Pregunta se durante o período inicial do contrato estiveron conectadas as

súas instalacións a un contador de enerxía eléctrica do edificio lindeiro, e de ser así canto tempo e se se reclamaron os gastos correspondentes. Sabe se actualmente a empresa concesionaria ten débedas coa empresa subministradora da enerxía eléctrica ou con calquera outra subministradora, e se a DPO podería ser considerada responsable subsidiaria en caso de impagos. Cando se adjudicou o contrato, as instalacións entregadas cumprían con toda a normativa e requisitos urbanísticos e da actividade. Ten constancia a Deputación de Ourense do falecemento dun cabalo e que foi atendido nas instalacións, e que segundo o propietario as estas non cumprían os requisitos e condicións fixadas na adjudicación. Por último pregunta se cando se iniciou o expediente de resolución no ano 2014, e se adjudicou este á UTE que quedara en segundo lugar, adjudicación que foi revogada, se tivo que indemnizar a esta última por algún concepto.

A Presidencia dá lectura ao informe do xefe da sección de ingresos da DPO no que se indica que a DPO ten pendentes de ingreso os seguintes meses do canon correspondente a ese contrato: xuño 2017 a decembro 2017, os cales se atopan actualmente reclamados en vía executiva. Seguidamente a Presidencia dá lectura ao informe emitido polo responsable do contrato no que indica que non se construíu, nin consta vontade da empresa de facelo, e que cando foron requiridos para isto, presentaron informes de dous profesionais que desaconsellaban a súa execución pola súa inviabilidade económica. Respecto á terceira pregunta a xefa da sección de contratación informa que, segundo consta no expediente, desde o comezo do contrato e polo menos ata o 20 de febreiro de 2017, a DPO anticipaba o pago dos consumos por enerxía eléctrica vinculados á execución do contrato de referencia. Engade que o aboamento foi reclamado en data 5 de abril de 2017, non constando no expediente o ingreso da cantidade reclamada. Sobre a seguinte pregunta indica que o responsable do contrato informa que non consta débeda ningunha unha vez que se extinguiu o contrato do que era titular a administración provincial e EQUUS OURENSE formalizou o seu propio contrato de subministración, polo que entende que non se lle podería atribuír responsabilidade ningunha a esta Deputación. Sobre a seguinte pregunta, o responsable do contrato informa que ata que se decidiu a súa externalización esta escola funcionaba como tal e estaba rexistrada na Federación Hípica Galega e todas as actividades eran conformes aos regulamentos federativos. A licenza municipal de actividade era naquel momento provisional e unha vez adjudicada a EQUUS OURENSE e feitos todos os trámites, pasou a ser definitiva. Sobre a seguinte pregunta o responsable do contrato sinala que nese servizo non se ten

constancia de ningunha reclamación deste tipo. Para responder á derradeira pregunta da lectura ao informe da xefa da sección de contratación no que sinala que por decreto de 15.07.2014 acordouse indemnizar á UTE polos seguintes conceptos: gastos de constitución e mantemento do aval como adxudicatario e gastos rexistrados ou notariais ou fiscais de ser o caso, de constitución da UTE. Engade que no expediente non consta o aboamento de indemnización ningunha.

- Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta por unha solicitude de información formulada polo seu grupo e referida ao plan de turismo cultural e creativo da Deputación e recollido nos plans de mandato do goberno provincial. Engade que ata o día de hoxe non tiveron contestación ningunha a esta solicitude, razón pola que reiteran esta en forma de pregunta, en concreto, sobre cal é o estado actual e as accións realizadas neste plan de turismo cultura e creativo, e o seu custo.

A Presidencia contesta indicando que o doutor Jordi Tresserras que é o director do laboratorio de patrimonio e turismo cultural da Universidade de Barcelona, trasladoulle que están traballando neste plan e que en setembro presentarán unha proposta adaptada á situación postpandemia. Sobre o custo indica que non se presentou factura ningunha e que os talleres realizados son sen custo adicional, e que se baralla a posibilidade de artellar unha de agrupación de interese económico para presentar á convocatoria Next Generation.

- Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta sobre a candidatura de Ourense como territorio creativo da UNESCO, para saber a situación actual desta candidatura prevista no plan de mandato para o ano 2019 e o custo de elaboración desta proposta.

Sinala que segundo lle informa Jordi Tresserras, e dada a situación da pandemia, traballárase nunha candidatura de Ourense provincia e cidade para a convocatoria de 2023, sendo o gasto a día de hoxe de cero euros.

- Montserrat Lama (non adscrita): Pide que quede constancia de que a declaración institucional que pediu tramitar o grupo socialista pola vía de urxencia foi remitida a todos os voceiros e grupos políticos e deputados non adscritos excepto a ela, o que é unha mostra máis da súa falla de respecto institucional, polo que pide que non lle recrimine máis que o cualifique de mala persoa, porque queda acreditado que é mala persoa e mal compañeiro.

- Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Contesta que a declaración institucional foi remitida aos grupos políticos, e graciosamente e porque el quixo lla remitiu ao deputado non

adscrito, pero que el non ten obriga ningunha de remitirla porque ela non representa a ningunha formación política.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Formula o rogo á presidencia para que se fagan xestións pola Presidencia para recuperar os debates que se mantíñan na radio pública galega entre os voceiros dos grupos políticos provincias. Formula igualmente o rogo á Presidencia respecto das liñas e frecuencias suprimidas por RENFE na provincia, solicitando que a institución provincial inste ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana do Goberno de España a que poña enriba da mesa un proxecto global de tren rexional que permita a vertebración do territorio mediante un servizo áxil e con frecuencias razoables.

- Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta sobre a estrada provincial OU-307 Leiro-Berán, na que se deben facer intervencións nalgunha das curvas, polo que reitera o rogo de que se arranxe e acometan esas melloras, e non se quede só no pintado que se fixo recentemente.

- Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Agradécelle á corporación provincial o respaldo para conseguir o que o Día das Letras Galegas de 2022 vaia estar dedicado á figura do escritor ourensán e valdeorrés Florencio Delgado Gurriarán.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12º](#)

PEGADA DIXITAL VÍDEO

HTML -----

<http://depourense.seneca.tv/s/tdLuoAru5ZHDTBWKMgnlapaX2RytKM7svOv2xC43VX9x8s>
xM

- Media -----

[1] Windows Media Video WMV1/WMA2 1280x720 16:9, 2.8 GiB (Video)

Url

[http://depourense.seneca.tv/s/7CLESoMFdtL3rbLVfvd3N6EDDe4YgUvCnQJeR4IUo5RrIA2](http://depourense.seneca.tv/s/7CLESoMFdtL3rbLVfvd3N6EDDe4YgUvCnQJeR4IUo5RrIA2Z)
Z.wmv

SHA512

e01ed34c0a577d3e25e23b0b70075eabdae1e598cdc4ad4dd2edc3d85755aaa1bab9397
8d75eeb14a8fa90347f42842f21473a22e5d00c3e2e5e72d2eb3d5a49

E, ás 14.00 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.